Sobre a nota interna remitida pola Dirección da Corporación de RTVG ao persoal en relación co uso dunha camiseta co slogan *DefendeAGalega*

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 48561 (10/POC-007707)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as instrucións dadas pola CRTVG ao cadro de persoal en relación coa súa vestimenta

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 48654 (10/POC-007720)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións previstas pola Corporación de RTVG en relación co persoal e as persoas entrevistadas ou participantes en reportaxes e programas que leven unha camiseta co lema *Defende a Galega*

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 48758 (10/POC-007737)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a cobertura dada pola RTVG ao pronunciamento do Tribunal Supremo en relación co recurso interposto pola Valedora do Pobo contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se anula o nomeamento dunha persoa para a cobertura do posto de xefe do Servizo de Administración e Persoal

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 48760 (10/POC-007738)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os datos relativos aos recursos interpostos pola Corporación de RTVG en relación coas sentenzas xudiciais referidas á súa política laboral

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

Martin Fernández Prado, Gonzalo Trenor López, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa López, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Pública, Medio Ambiente e Servicios polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada polo impacto económico que pode ter a recente decisión do Goberno central de modificar de xeito urxente o regulamento da Lei de Costas para as empresas galegas que traballan en dominio público marítimo terrestre. Ademais, do perigo e inseguridade xurídica que supón esta decisión do Estado para estas concesións.

Nos últimos días tívose coñecemento de que o Goberno central está tramitando unha modificación urxente do Regulamento xeral de costas relativa aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre. Un trámite que deixa en situación de perigo e inseguridade xurídica a empresas e equipamentos públicos de Galicia que na actualidade se sitúan esta zona.

Esta decisión do Goberno central parece ter como obxectivo intentar amparar e xustificar decisións como a tomada nas últimas semanas de allanarse nos procedementos abertos en relación á prórroga de Ence.

Pero o cambio do regulamento xeral de Costas non só afecta á pasteira situada en Lourizán, senón que pon en perigo a moitas outras empresas que operan na nosa comunidade, como son as conserveiras, industrias, e tamén a equipamentos públicos, como centros educativos e de saúde ou depuradoras. Unha medida que xeraría, ademais, importantes impactos económicos.

Ademais, segundo denunciou a pasada semana a Xunta, o Goberno central está tramitando esta modificación do Regulamento da Lei de Costas pola vía da urxencia, reducindo sen xustificación os trámites que permiten a todos os interesados intervir no procedemento.





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 17:10:08
Nº Rexistro: 48878
Data envío: 08/04/2019 17:10:08.900

Polo exposto, e ante a situación de perigo e de inseguridade xurídica para as empresas que operan no dominio público marítimo terrestre e para os postos de traballo que dependen delas, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes **preguntas orais en Comisión polo trámite de urxencia:**

-Como afecta esta modificación do Regulamento da Lei de Costas ás empresas e equipamentos situados en dominio público marítimo terrestre na comunidade galega?

-Que medidas está tomando a Xunta ante esta situación?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 08/04/2019 17:05:43

Gonzalo Trenor López na data 08/04/2019 17:05:57

Jaime Castiñeira Broz na data 08/04/2019 17:06:08

Jacobo Moreira Ferro na data 08/04/2019 17:06:16

Marta Novoa Iglesias na data 08/04/2019 17:06:33

María Julia Rodríguez Barreira na data 08/04/2019 17:06:44

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 08/04/2019 17:07:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGP8yZMHj2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Galiza atravesa neste momento unha importante crise industrial coa perda de 3.500 persoas ocupadas menos neste ámbito no último ano. Dentro desta crise, a industria electointensiva galega merece un tratamento específico polo risco de perda de emprego e capacidade produtiva de empresas como Alcoa na Coruña ou San Cibrao e Ferroatlántica en Cee-Dumbría e Sabón, ao que poderían seguir outras empresas do país. Este sector ten un impacto fundamental para a economía galega, tanto polo que representa en volume de traballadores e traballadoras como de PIB.

Así mesmo, cómpre recordar que o Estatuto de Autonomía de Galiza inclúe no seu artigo 4.3. “que os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reitores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra”. En consonancia, no artigo 30.1 contéplase como corresponde a Galiza a competencia exclusiva en materia de “Fomento e planificación da actividade económica en Galicia” sinalándose no artigo 30.7. a competencia para “O desenvolvemento e execución en Galicia de: a) Os plans establecidos polo Estado para a reestruturación de sectores económicos. b) Programas xenéricos para Galicia, estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas. c) Programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise”. Así mesmo, o Artigo 28 sinala que “É competencia da Comunidade Autónoma galega o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que esta estableza, das materias seguintes: (...) 3. Réxime mineiro e enerxético.“

Por estes motivos, polo que supón nesta conxuntura o sector electrointensivo galego e polas potestades do autogoberno galego é necesario abordar unha corrección da falta de colaboración, planificación e organización experimentada até momento entre Xunta de Galiza e goberno central. Dunha banda, unha Xunta de Galiza liderada por un Núñez Feijoo sen peso político cuxas demandas sobre o sector non foron tidas en conta. Doutra banda, un goberno central instalado na lóxica electoral e sen dar pasos máis firmes no borrador que recentemente coñecemos respecto do Estatuto de Electointensivas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Vai demandar o goberno galego unha vía de negociación bilateral entre os poderes públicos galegos e a Administración central sobre a crise electrointensiva e as súas repercusións en Galiza?

-Como valora os resultados das súas negociacións até o momento?

-Que futuro predí o goberno galego respecto da industria galega tendo en conta a evolución dos prezos da enerxía?

-Dá por resolta a Xunta a problemática galega respecto dos prezos da enerxía industrial?

-Que demandas ten trasladado recentemente respecto das cuestións que deben ser modificadas do sector enerxético?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Como valora a situación das poxas de interrompibilidade? E as súas previsións?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/03/2019 10:04:44

María Montserrat Prado Cores na data 29/03/2019 10:04:48

Ana Pontón Mondelo na data 29/03/2019 10:04:49

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/03/2019 10:04:50

Olalla Rodil Fernández na data 29/03/2019 10:04:52





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 29/03/2019 10:04:53



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Concello de Moaña leva tempo implicado na demanda e consecución dun centro de saúde que cubra as necesidades do municipio.

Os antecedentes e pasos dados ata o momento son os seguintes:

- 7/09/17 remítese desde o Concello ao conselleiro de Sanidade a ficha do PXOM na que se inclúe o solo reservado para o centro de saúde.
- 27/07/18 recíbese a proposta de convenio entre a Consellería de Sanidade e o Concello para construír o novo centro de saúde e tamén o estudo de necesidades, apreciando unha diferenza notable nos metros de parcela esixidos.
- 3/08/18 faise unha consulta á consellería solicitando unha aclaración sobre a superficie necesaria para o centro de saúde.
- 14/08/18 recíbese resposta da Consellería indicando que para a superficie en planta do edificio bastaban con 1550 metros cadrados.
- 7/09/18 recíbese comunicación da Consellería solicitando información sobre se se van por os terreos a disposición, para incluír xa nos seus orzamentos do 2019 unha partida orzamentaria para o centro de saúde de Moaña.
- 14/09/18 asínase un acordo coas persoas propietarias de Sisalde para realizar os trámites oportunos que permitan desenvolver e urbanizar o ámbito.
- 21/09/18 respóndase á consulta da Consellería a respecto dos orzamentos nos seguintes termos:



“1º Pechado un acordo cos propietarios e propietarias do ámbito urbanístico no que existe solo reservado para dotación sanitaria, segundo a ficha incluída no Plan Xeral de Ordenación Municipal que xa fora remitida por correo electrónico ao Conselleiro de Sanidade o 7 de setembro de 2017, comprácenos comunicarlle que estaremos en condicións de por os terreos a súa disposición para a construción do novo centro de saúde unha vez finalizada a tramitación urbanística ordinaria, na que nalgúns dos trámites dependeremos de informes que deberán ser elaborados por distintos servizos da Xunta de Galiza.

2º Esta disposición dos terreos para a construción dun novo centro de saúde en Moaña, farase de acordo coa a ficha incluída no Plan Xeral de Ordenación Municipal que xa fora remitida por correo electrónico ao Conselleiro de Sanidade o 7 de setembro de 2017 e cumprindo as condicións establecidas por esa Dirección Xeral en escrito remitido a este concello en data 14/08/2018 (Rexistro de saída 15447/RX 1200037) en resposta á solicitude de aclaración realizada con data 3 de agosto na que se especifica a necesidade de dispor de “1.550 metros cadrados de terreo ocupado polo edificio”.

- 25/09/2018 reunión da Mesa da Sanidade adóptase o acordo: solicitar reunión para pechar o texto definitivo do convenio a asinar.
- 28/09/2018 recíbese no concello a chamada desde a Dirección de Recursos Económicos do Sergas para convocalos á dita reunión o venres día 5 de outubro, reunión na que se aclara a superficie da parcela e a súa edificabilidade, solicitando o envío da certificación urbanística da mesma.
- 08/10/2018 remítese á certificación urbanística da parcela ao Sergas. Este solicita que se lle fagan algunhas aclaracións.
- O 24/10/2018 remítese a unha segunda certificación urbanística realizada polo arquitecto xunto cun oficio no que se especifica:

“En relación ao seu escrito do 18.10.18, achégolle nova certificación sobre a situación urbanística da parcela na que se reflicte, entre outros extremos, que a súa edificabilidade é de 7.750,76 m2; e que en uso asistencial non existen esixencias mínimas de número de prazas de aparcamento. Polo tanto, os metros cadrados de edificabilidade de parcela recollidos no Plan de Necesidades están dabondo cubertos...



- 26/11/2018 recíbese no Concello o borrador de convenio de colaboración entre o Sergas e o Concello para a construción do centro de saúde.

Na cláusula segunda do propio convenio recolle no segundo parágrafo o seguinte:

“En canto a se houbera nalgún intre, necesidade de esixencia dun número de prazas de aparcamento, estas se considerarán sempre fóra da necesidade inicial de 3.100 metros cadrados de edificabilidade. Debendo ser o Concello quen facilite as prazas de aparcamento que puideran esixirse no futuro”

- 06/02/2019 remítense á Dirección de RR. EE. do SERGAS unha solicitude de modificación do dito borrador de convenio en base ás conclusións do informe redactado polo secretario. Este informe foi enviado xunto co da valoración da parcela emitido polo arquitecto municipal. No escrito de remisión dábase traslado do que se solicitaba modificar:

“En relación ao seu escrito do 22.11.18, achégolle informe da Secretaría Municipal sobre o borrador de convenio proposto pola súa parte, a respecto do mesmo hai dúas cláusulas sobre as que queremos propoñer modificacións na liña das conclusións do dito informe que se lles adxunta.

A primeira cuestión que cabe modificar no texto de convenio proposto é na cláusula segunda, na que se refiren a unha parcela de 3.100m² de superficie cando a parcela que o Concello vai por a disposición é de 2.066,87m², cunha capacidade en edificabilidade de 7.750,76m² polo que supera con moito os requisitos que nos solicitan, ademais, en uso asistencial non existen esixencias mínimas de número de prazas de aparcamento. Polo tanto, os metros cadrados de edificabilidade de parcela recollidos no Plan de Necesidades están dabondo cubertos.

A segunda cuestión que compre modificar é na cláusula primeira:

“Primeira. O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración entre o Servizo Galego de saúde e o Concello de Moaña para a construción dun novo centro de saúde no Concello, de acordo ao Plan de Necesidades de Atención Primaria de Cangas-Moaña.” Desde o Concello, e tal e como advirte



o secretario no seu informe, non podemos aceptar que a construción do centro de saúde se vincule ao “Plan de Necesidades de Atención Primaria de Cangas-Moaña”, xa que este estudo propón a diminución da carteira de servizos que se prestan na actualidade na nosa vila, ao suprimir os servizos de urxencias (PAC) e de odontoloxía, e polo tanto, a construción do dito centro non estaría redundando nun beneficio para a nosa veciñanza, o que imposibilitaría que o Concello de Moaña puidese ceder libre e gratuitamente a dita parcela. Por todo isto solicitamos que a cláusula primeira quede redactada da seguinte maneira: “Primeira. O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración entre o Servizo Galego de saúde e o Concello de Moaña para a construción dun centro de saúde no dito Concello.

Por todo o anterior e tendo en conta o informe do secretario deste Concello que se lles remite, teñan a ben corrixir o dito borrador, coa finalidade de concretar a sinatura do mesmo o antes posible.”

- O 27/04/2019 recíbese a resposta da Directora de RR. EE. do Sergas sobre a proposta de modificación do convenio:

Ao respecto do que se recolle nesta resposta compre aclarar cada punto:

*** O potencial crecemento futuro e a posibilidade de adaptación a modificacións do centro de saúde.**

“En relación a primeira cuestión sobre a cláusula segunda do convenio, onde solicítase unha parcela de 3.100 m² que corresponderían á superficie a ocupar pola edificación (excluíndo aparcamento e urbanización), debemos informar que o tamaño da parcela é clave para non hipotecar o futuro do Centro de Saúde coartando o potencial crecemento a a posibilidade de adaptación a modificacións dos centros de saúde.”

Este punto da resposta contradí o punto 4.1.1.5 “Proyecciones demográficas” do Estudo de Necesidades Sanitarias de Atención Primaria redactado por Gesmédica; xa que formula un decrecemento do 5,19 % para Moaña. Polo que se pode deducir que o crecemento vexetativo de Moaña varía para o Sergas en función do seus intereses.

*** As facilidades de mobilidade e de accesibilidade das persoas usuarias nunha construción horizontal.**



“A tendencia xeral, é a de tentar realizar os Centros de Saúde de forma ideal nas menos plantas posibles, ou integramente en planta baixa, para favorecer a accesibilidade a persoas con mobilidade reducida e de maior idade evitando así o uso de medios mecánicos (ascensores ou salva escaleiras). Polo que a parcela proposta polo Concello de 2.066,87 metros cadrados pero con unha edificabilidade de 7.750,76 metros cadrados suporía que o centro de saúde debería desenvolverse en altura.”

*** A prestación dun aparcamento na propia parcela en beneficio de persoas usuarias e das profesionais.**

Este aspecto xa fora contestado no informe emitido polo Arquitecto Municipal de data 23/10/2018 e que foi remitido ao Sergas, no que se recollía literalmente:

Sotos.- Non computan edificabilidade sendo o uso posible, garaxes, rochos e cuartos de instalación.

Prazas de aparcamento.- En uso asistencial público non existen esixencias mínimas de número de prazas.

5.-No linde noroeste resérvase un espazo libre de cesión ao municipio de 1.062,28m2, no que o 10% pode ser destinado directamente a aparcamentos sobre superficie, podendo ser destinado o 100% do subsolo a aparcamento público, segundo dita o propio PXOM.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que ten impedido que a Xunta de Galicia, a través do Sergas, asine o convenio que permita a construción dun novo centro de saúde no Concello de Moaña?
2. Por que se alude a problemas coa parcela que se ten demostrado cumpre con todos os requisitos obxectivos para o emprazamento do novo centro de saúde?
3. Que leva a este Goberno a esixir neste concello condicións e estándares que non foron esixidos noutros casos recentes de equipamentos co mesmo uso en concellos do resto da provincia?
4. Cantas máis escusas vai a poñer este Goberno para atender as necesidades sanitarias do concello de Moaña?



Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 29/03/2019 10:27:11

Julio Torrado Quintela na data 29/03/2019 10:27:18

Noela Blanco Rodríguez na data 29/03/2019 10:27:22



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Patricia Otero Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A política de transparencia da Xunta de Galicia continúa a presentar importantes lagoas. O último feito absolutamente negativo na nosa opinión é a publicación das Modificacións Orzamentarias correspondentes ao mes de decembro de 2018.

Desde o Grupo Socialista sempre defendemos a investigación na mar como ferramenta fundamental para a toma de decisións, e demandamos anticipación e unha maior actividade investigadora por parte da Consellería do Mar, xa que son varias as ocasións nas que nos atopamos con que non existe tal soporte científico.

Chama a atención dunha baixa orzamentaria por importe de 265.530,16 euros, realizada a finais do ano 2018, sen indicar o destino destas partidas orzamentarias.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a razón de que se produzan de maneira sistemática baixas orzamentarias, no mes de decembro de cada ano, de contías moi elevadas nos orzamentos da Xunta de Galicia?

2ª) Cal é o novo destino destas modificacións orzamentarias?

3ª) Considera que o Goberno galego non realiza unha boa planificación orzamentaria vendo as contías das ditas modificacións?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 28/03/2019 18:45:24

Patricia Otero Rodríguez na data 28/03/2019 18:45:35

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 10:57:27
Nº Rexistro: 48311
Data envío: 29/03/2019 10:57:27.575

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2019 18:45:45

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/03/2019 18:45:49

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGP8yZMHj2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Patricia Otero Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A política de transparencia da Xunta de Galicia continúa a presentar importantes lagoas. O último feito absolutamente negativo na nosa opinión é a publicación das Modificacións Orzamentarias correspondentes ao mes de decembro de 2018.

O programa 513A “Construción, conservación e explotación portuaria” figura nos orzamentos da Consellería de Facenda para o ano 2018 cunha dotación de 10.154.626 euros. Na memoria do Goberno galego indícase como obxectivo o de modernizar os portos de Galicia, garantindo os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena sobre a base das actividades con máis demanda e da especialización e para colaborar coa sustentabilidade da actividade pesqueira.

Chaman a atención as dúas baixas orzamentarias: unha delas por importe de 5.687.537,34 euros e outra por importe de 500.166,34 euros, ambas as dúas realizadas a finais do ano 2018, sen indicar o destino destas partidas orzamentarias.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cal é a razón de que se produzan de maneira sistemática baixas orzamentarias, no mes de decembro de cada ano, de contías moi elevadas nos orzamentos da Xunta de Galicia?
- 2ª) Cal é o novo destino destas modificacións orzamentarias?
- 3ª) Considera que o Goberno galego non realiza unha boa planificación orzamentaria vendo as contías das ditas modificacións?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2019





Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 28/03/2019 18:40:59

Patricia Otero Rodríguez na data 28/03/2019 18:41:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2019 18:41:23

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/03/2019 18:41:28



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaránse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten elaborado a Consellería do Medio Rural o Plan estratéxico de subvencións da súa consellaría, segundo establece a Lei 9/2007, do 9 de xuño de subvencións de Galicia?

2ª) Cales foron os criterios empregados pola Consellería do Medio Rural para establecer os convenios de colaboración cos concellos galegos no ano 2018?



Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/03/2019 12:41:17

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/03/2019 12:41:24

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/03/2019 12:41:32

Raúl Fernández Fernández na data 29/03/2019 12:41:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás necesidades de mellora da estrada autonómica OU-533 ao seu paso polo Concello de Viana do Bolo.

A principal arteria do Concello de Viana do Bolo é a estrada OU-533 que o atravesa. Trátase dunha estrada autonómica pertencente á Rede Primaria Básica da Xunta de Galiza, unha vía que discorre integramente pola provincia de Ourense, unindo A Rúa e A Gudiña (N-525).

Desde o Concello de Viana do Bolo téñense trasladado reiteradas necesidades de mellora desta vía e da súa contorna. Mesmo hai xa case un ano, en xuño de 2018, o alcalde Secundino Fernández mantiña unha entrevista coa Conselleira responsábel das Infraestruturas do noso país. Porén, estas cuestións, que son menores para unha consellaría de tal envergadura, continúan sen ser atendidas, polo que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego comprometeuse cos veciños e veciñas a darlles traslado.

En primeiro lugar, cómpre recordar que un anaco do que era o trazado vello da Ou-533 discorre neste momento polo que viría a ser parte do casco urbán, quedando un parque infantil recentemente reformado entre a vía actual e a vella. Son arredor de 150 metros que pertencen aínda á Xunta de Galiza e que están nun estado lamentable,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inzado de buracos e fochancas que provocan caídas e incomodidades para viandantes e vehículos, mesmo ocasionando pequenos danos. Cada vez o deterioro é meirande e esta zona deixa de ser transitada, no lugar de ser un punto valorado e empregado para o lecer. Polo tanto, o concello está disposto a asumir a titularidade mais reclama que, loxicamente, primeiro sexa acondicionado.

Por outra banda, continuando uns metros en dirección ao IES Carlos Casares, atopámonos como esta é unha zona reformada hai pouco tempo pero que precisaría un engadido para mellorar a seguridade global da vía e en concreto da zona escolar. É preciso aproveitar a amplitude da zona para instalar unha rotonda que permita tres cuestións: minorar a velocidade, facilitar o xiro do bus escolar e incorporar en Viana do Bolo un punto para poder cambiar de sentido o transporte pesado, xa que nestes momentos non existen ningún e incrementa os riscos de seguridade. Así mesmo, un pouco máis adiante, pasado o instituto e até xusto enfronte da gasoleira, discorre unha vía de servizo que presenta moitos problemas, nomeadamente no inverno, que sería preciso acondicionar minimamente para que tanto as persoas que pasan andando por aí (antes facían pola beira da estrada, algo moi perigoso) poidan facelo en condicións e así mesmo sexa facilitado o acceso das e dos propietarios das casas desa franxa á súa morada, facilitando o asentamento no rural.

Son todas estas cuestións demandas lóxicas, favorecedoras da habitabilidade e confortabilidade ao tempo que de seguridade e que non implicarían un gran orzamento nin complexidade técnica.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai atender a Xunta de Galiza as demandas de mellora da estrada autonómica OU-533 ao seu paso polo Concello de Viana do Bolo?

-Ten a Xunta de Galiza coñecemento das situacións mencionadas? Que valoración lle merecen?

-Considera necesario o goberno galego a existencia dunha rotonda nalgún punto do tramo urbán de Viana do Bolo para o xiro de vehículos pesados? Ten estudado algunha ubicación? Que previsións ten?

-Considera o goberno galego que é de recibo o estado da vía que pertencía ao trazado vello da OU-533 á altura do parque infantil? Pensa que é seguro para as crianzas? Pensa que é seguro que os vehículos pasen por aí? Pensa que é estético e favorece a boa imaxe do noso rural?

-Que opina a Xunta respecto das necesidades de mellora e acondicionamento básico da vía de acceso que decorre entre o IES e a gasoleira en paralelo á OU-533 do lado do IES?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/03/2019 13:33:20

María Montserrat Prado Cores na data 29/03/2019 13:33:25

Ana Pontón Mondelo na data 29/03/2019 13:33:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/03/2019 13:33:29

Olalla Rodil Fernández na data 29/03/2019 13:33:31

Xosé Luis Bará Torres na data 29/03/2019 13:33:32



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os cambios actuais nos novos perfís dos nenos e nenas do sistema de protección fan necesario seguir avanzando na consolidación das medidas de alternativa familiar para os menores do sistema de protección, así como no apoio ás familias como recurso activo do sistema de protección. Para iso é necesaria a atención integral das necesidades físicas, afectivas e emocionais dos nenos e nenas do sistema de protección galego, e poñer á súa disposición todos os recursos públicos que favorezan o seu desenvolvemento e autonomía, así como apoiar a todas aquelas familias galegas que, grazas á súa sensibilidade coa infancia, responsabilízanse do coidado destes nenos e nenas e ofrécenlles o seu fogar.

Toda a lexislación tanto a nivel estatal como a autonómica establece a primacía das medidas de alternativa familiar para todas aquelas persoas menores que se atopan en situación de desprotección. A nivel estatal, a actual *Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia*, establece que nas actuacións de protección dos menores deben primar as medidas familiares fronte ás residenciais, as estables fronte ás temporais, e as consensuadas fronte ás impostas. Igualmente establece no art. 21.3 que “co fin de favorecer que a vida do menor desenvólvese nunha contorna familiar, prevalecerá a medida de acollemento familiar sobre a de acollemento residencial para calquera menor, especialmente para menores de seis anos. Non se acordará o acollemento residencial para menores de tres anos salvo en supostos de imposibilidade, debidamente acreditada, de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando esta medida non conveña ao interese superior do menor. Esta limitación para acordar o acollemento residencial aplicarase tamén aos menores de seis anos no prazo máis breve posible. En todo caso, e con carácter xeral, o acollemento residencial destes menores non terá unha duración superior a tres meses”. Así mesmo, o *Código Civil, no artigo 173 bis*, tras a modificación realizada pola mencionada lei, redefine as modalidades de acollemento familiar en función da súa duración e obxectivos.

Na nosa comunidade, con arranxo ao disposto nos *artigos 15.1 e 16.2 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia*, e en aplicación dos principios



reitores da actuación dos poderes públicos no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e a adolescencia, para a adopción da medida de acollemento especifícase que se dará prioridade á utilización do acollemento familiar sobre o residencial.

O acollemento a menores en Galicia por familias que non gardan relación co menor é actualmente o 45 % do total dos diferentes tipos de acollemento.

Un ou unha menor nun residencial custa á administración 1300 € a 1800 € ao mes use ou non o servizo. Hai menores de 0-6 anos nestes residenciais, habendo lista de espera de familias acolledoras.

A política social da Xunta non é favorecer o acollemento familiar senón dotar de máis centros residenciais, a pesares de que o custo sexa 8 veces superior ao dunha familia e as consecuencias para o neno e a nena desastrosas.

Algunhas familias ademais están tendo problemas en relación ao dereito de maternidade, paternidade e lactancia cando se teñen que facer cargo de acollementos de urxencia, pois atópanse coa imposibilidade de ter acceso á concesión de ditos permisos, causando graves prexuízos tanto para as familias acolledoras como para os propios menores.

Cabe destacar nestes últimos anos, o incremento dos coñecidos tecnicamente como MENA, que son aqueles nenos, nenas e adolescentes, menores de 18 anos, de orixe estranxeira, que se atopan separados dos seus pais e nais, e que tampouco están baixo o coidado de ningún outro adulto, unha circunstancia que os sitúa automaticamente nunha situación de desamparo e de risco. En España está maioritariamente asociado a menores procedentes dos países do Magreb e, fundamentalmente, de Marrocos e Alxeria, aínda que tamén de Europa do Leste, do África Subsahariana, de Siria... Entre os motivos que levan a estes menores a saír sós dos seus países de orixe atopamos a pobreza, situacións de desestruturación familiar e desprotección institucional, falla de oportunidades, a guerra ou a violencia, catástrofes naturais e persecución e situacións de violación xeneralizada dos dereitos humanos. Aínda que non é un fenómeno fácil de cuantificar, os datos da memoria da Fiscalía de 2016, correspondente ao exercicio de 2015, apuntaban á presenza de 3.660 menores de orixe estranxeira non acompañados en España, e baixo a tutela das comunidades autónomas que son as responsables da atención nos seus respectivos territorios e, cando se constata que un menor atópase en situación de desamparo, correspóndelles a tutela do mesmo así como as medidas de protección necesarias para o seu garda.



En outubro de 2018 por primeira vez un Ministerio con competencias sobre a infancia concedía unha subvención para a atención aos menores estranxeiros non acompañados. O Goberno socialista de España puxo en marcha esta medida a través da aprobación dun real decreto para financiar con 40 millóns de euros ás comunidades autónomas, Ceuta e Melilla polo incremento do número de menores estranxeiros non acompañados acollidos no ano 2018. Desta axuda que se destina a sufragar a atención e acollida dos menores, así como, no seu caso, o seu traslado entre comunidades autónomas, Galicia recibiu do Goberno de España un total de 426.063,4 euros.

Dado o incremento do número de chegadas de menores nos últimos meses e respondendo a razóns de interese público, social e humanitario, o Goberno articulou estas axudas para colaborar no esforzo que realizan as comunidades autónomas, Ceuta e Melilla. Con iso, o Goberno activou medidas de axuda económica e impulsou a atención solidaria dos menores entre comunidades autónomas ao obxecto de garantir as mellores condicións de atención.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do número de menores estranxeiros non acompañados acollidos na nosa Comunidade Autónoma?
2. Cal é o obxectivo do Goberno galego para esta X lexislatura?
3. Que valoración fai a Xunta de Galicia das axudas que o Goberno de España destinou ás comunidades autónomas para a atención aos menores estranxeiros non acompañados?
4. Cales son as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para reforzar a integración familiar para os e as menores que se atopan no sistema de protección en acollemento residencial?
5. Ten pensado o Goberno galego incrementar a remuneración ás familias de acollida?
6. De que programas e recursos dispón o Goberno destinados ao apoio e orientación de quen, estando en acollemento, alcance a maioría de idade e quede fóra do sistema de protección, con especial atención aos e ás que presentan discapacidade?



7. Ten previsto a Xunta de Galicia equiparar os permisos de maternidade, paternidade e lactancia, para as familias de acollemento segundo as circunstancias que a situación das mesmas o requira?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 29/03/2019 13:51:54

Julio Torrado Quintela na data 29/03/2019 13:52:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a**


O último informe de conxuntura do foro económico de Galicia contén datos que deberan facer reflexionar ao executivo galego na súa política industrial e de emprego.

Segundo os datos de poboación ocupada, 1.088.000 a finais do 2018 fronte aos 1.097.000 de inactivos, Galicia sofre un desequilibrio sectorial na ocupación, un país competitivo non pode manter un 71,8% de ocupación no sector servizos fronte ao 15,7% da industria, ademais no seguinte gráfico pódese observar o descenso en sectores tan importantes para o país como a agricultura e a pesca.

Así o noso sector pesqueiro perde cada vez máis forza en detrimento doutros sectores, tanto en emprego como en porcentaxe do PIB Galego, corremos o risco de perder un sector fundamental para a nosa economía e a nosa forma de ser como pobo, polo tanto arriscamos a identidade de Galicia.



Composición relativa da ocupación en Galicia 2013-2018: distribución segundo sectores



O sector do mar galego ten perdido en emprego en apenas un lustro o 0.70% en termos relativos de emprego sobre o total, o que supón un descenso do 12,5%. O noso sector perde peso no emprego en Galicia froito das políticas exercidas polos diferentes gobernos de expulsión da xente do mar, nunha nova forma de reconversión que pretende poñer os nosos recursos e costas en mans das multinacionais.



Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión**

Que medidas vai adoptar o Goberno, para modificar a dramática perda de peso, en termos de emprego, do sector do mar en Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Flora Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 29/03/2019 13:59:28

Paula Quinteiro Araújo na data 29/03/2019 13:59:32



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

No último pleno, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda recoñecía que a lexislación de residuos en Galicia está obsoleta, que o anteproxecto de Lei de residuos e solos contaminados vai fomentar a prevención e a reutilización dos residuos e que haberá unha planta para levar os bioresiduos cada 45 quilómetros.

É certo que hai tempo que o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) está desfasado e que ten sido un fracaso:

1. A fracción orgánica dos residuos municipais representa o 42 % do peso total do lixo doméstico en Galicia e, como non se trata de forma axeitada esa fracción orgánica, hai un problema grave no proceso de xestión.
2. A Directiva europea de residuos establece que os municipios deberán reciclar en 2020, a lo menos, o 50 % dos seus residuos, cando a realidade é que, no último informe da Comisión Europea, dise que Galicia non chega nin ao 20 % da reciclaxe dos residuos municipais. Ademais, os concellos de máis de 5000 habitantes deberíanse comprometer a implantar unha recollida selectiva de lixo orgánico antes de finais de 2020 e os de menos de 5000 antes de finais de 2023.
3. Hai que fomentar a recollida separada dos bioresiduos, que ten un fin último, darlle unha nova vida á fracción orgánica obtendo un fertilizante de gran valor, o compost. Mais a realidade é que, das 11 plantas de compostaxe e envases lixeiros distribuídas polo territorio que estaban previstas no PXRUG, só existe unha, que nin sequera está en marcha.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa o Goberno galego que se vai cumprir en prazo os obxectivos para o lixo orgánico previstos pola UE?



2. Que mecanismos prevé o Goberno para chegar aos obxectivos que marca a Directiva Europea de residuos con relación ás obrigas de reciclaxe dos residuos municipais polos concellos e á implantar dunha recollida selectiva de lixo orgánico?
3. Cando prevé o Goberno que estean en funcionamento as 11 plantas de compostaxe e envases lixeiros distribuídas polo territorio que estaban previstas no PXRUG Cando vai comezar a funcionar a de Cerceda?
4. Onde prevé o Goberno situar cada unha das plantas para levar os bioresiduos cada 45 quilómetros que foron prometidas pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda?

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/03/2019 17:04:24

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/03/2019 17:04:30

María Luisa Pierres López na data 29/03/2019 17:04:36





Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**.

O Colectivo Patrimonio dos Ancares vén de denunciar unha agresión á necrópole megalítica do Chao do Marco, a máis grande do concello de Becerreá, con case trinta metros de diámetro.

O Colectivo afirma que se verteron dous camións de esterco de granxa de polos sobre a construción funeraria e que os vehículos deixaron as rodeiras marcadas no propio túmulo. Segundo parece, a intención dos camións era cargar o esterco máis adiante para levalo a outros terreos.

Por desgraza, non se trata dunha agresión illada. Xa son moitos os danos que sufriu o patrimonio natural e cultural da comarca dos Ancares durante os últimos tempos. A finais do mes de febreiro, o Colectivo Patrimonio dos Ancares denunciou o deterioro e destrución de nove mámoas por mor das labores incontroladas de tala e repoboación forestal; e, recentemente, Adegas presentou a campaña #SalvemosCovasVale xunto cos colectivos Cultura do País, Mariña Patrimonio e Patrimonio dos Ancares, para dar a coñecer a ameaza que supón para as Covas de Vale un proxecto de explotación mineira que foi aprobado pola Dirección Xeral de Minas da Xunta no ano 2007, co apoio do goberno municipal.





A situación é insostible. O patrimonio natural e cultural da comarca dos Ancares merece, como o resto do patrimonio galego, unha protección institucional que garanta a súa integridade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia do acontecido?
- Pensa que a necrópole megalítica do Chao do Marco contaba coa suficiente protección institucional? Se é así, como explica os feitos?
- Que avaliación fai dos danos?
- A que atribúe que na comarca dos Ancares se produciran tantas agresións ao patrimonio nos últimos tempos?
- Que pensa facer o Goberno para garantir que algo semellante non volva acontecer, nin nos Ancares nin en ningún outro recuncho de Galicia?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Ánxeles Cuña Bóveda

Marcos Cal Ogando

Luca Chao Pérez

Deputados e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





Antón Sánchez García na data 01/04/2019 12:27:42

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/04/2019 12:27:49

Luca Chao Pérez na data 01/04/2019 12:27:57

Marcos Cal Ogando na data 01/04/2019 12:28:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás posíbeis verteduras industriais no río Támega de Ourense.

Reiteradamente desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente a delicada situación do río Támega en Ourense. Así mesmo, témonos feito eco tanto dos incumprimentos como danos en múltiples aspectos (ambiental, viario, etc) das obras do AVE e das deficiencias de que a xestión e actuación de boa parte dos nosos ríos pertenza ao goberno central, nomeadamente nas comarcas aglutinadas baixo a distribución provincial de Ourense.

Unha vez máis, o pasado martes 8 de maio, e non é a primeira, conforme consta por denuncias públicas feitas xa non pola organización nacionalista, senón tamén por colectivos de defensa do medio ambiente o territorio, produciuse novamente unha vertedura que afectou ao Támega. Sen ir máis lonxe, foi xa no ano 2013 cando ADEGA, Asociación para Defensa Ecolóxica de Galiza, presentou reclamacións ao respecto.

Na data referida produciuse unha nova vertedura ao río Cabras, afluente do Támega. Vteredura que a todas luces parece ser procedente das obras do AVE. Neste sentido, cómpre recordar que a maioría das verteduras prodúcense cando teñen lugar treboadas ou choivas intensas na zona, o cal parece indicar algún tipo de carencia canto ás medidas de prevención e contención. Máis aínda, existe a sospeita de que a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concorrenza deste tipo de condicións climáticas pode ter sido aproveitada para baleirar balsas con depósitos e que podería explicar a observancia de presunta contaminación producida por lodos xa que as augas presentan unha cor grisácea ou marrón.

Hai que engadir que boa parte do territorio potencialmente afectado por estas verteduras ten diversos graos e figuras de protección como a propia Rede Natura. Máis aínda, segundo lle foi transmitido a este Grupo Parlamentar, no ano 2015 ADEGA realizou unha analítica na que se detectou a presenza de metais pesados.

Cómpre recordar que após a nova vertedura do 8 de maio que chegou a ser visíbel no paso do Támega por Verín, as autoridades do Concello de Verín desenvolveron unha serie de actuacións de vixilancia e posta en común na procura dunha solución. Así mesmo, a Mancomunidade sumouse a esta vontade. Porén, alén da implicación municipal, desde o Bloque Nacionalista Galego, á luz destas cuestións, consideramos que a Xunta de Galiza e a Consellaría competente debe centrar esforzos nesta cuestión e deixar de ignorar un problema ambiental potencialmente grave que mesmo pode ter repercusións na saúde pública.

Finalmente, cómpre recordar tamén a distorsión que supón na xestión e nos usos do Támega, tanto por parte da veciñanza como do tecido asociativo como dos termos municipais, a anomalía de non pertencer a unha institución galega. Das catro bacías existentes en Galiza, a Xunta de Galiza só conta con competencias exclusivas na bacía hidrográfica Galicia-Costa. A Demarcación Hidrográfica do Douro é de xestión exclusiva do goberno central.

Por todos estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para impedir a reiteración de verteduras no río Támega ou nos seus afluentes?

-Que medidas de reparación ten pensado levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir as condicións óptimas do río Támega do punto de vista ambiental e sanitario?

-Desenvolveu desde o ano 2010 algún tipo de sanción a algunha empresa con motivo de verteduras ao río Támega ou algún dos seus afluentes? Cantas, en que data, a que empresas e con que contías?

-Sobre esta vertedura concreta, cal é o estado da investigación, se a hai, desde o ámbito da Xunta de Galiza? Se non a hai, cales son as razóns para non xulgala precisa?

-Coñece a Xunta de Galiza cal está a ser o resultado das actuacións do SEPRONA?

-Considera a Xunta de Galiza que a resposta da Confederación Hidrográfica competente é adecuada?

-Ten pensado demandar a transferencia da competencia?

-Como valora o goberno galego que institucións europeas teñan coñecemento da situación dos ríos de Ourense e estuden levar a cabo actuacións?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/04/2019 12:56:44

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2019 12:56:48

Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2019 12:56:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/04/2019 12:56:52

Olalla Rodil Fernández na data 01/04/2019 12:56:53

Xosé Luis Bará Torres na data 01/04/2019 12:56:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

O 27 do marzo pasado asistimos a un episodio máis de lume no noso territorio en tempo non habitual. E sen embargo a sequidade xeral, a ausencia de chuvias, as altas temperaturas e un vento sostido superior a 40km/hora con rachas de ata 70 acompañaron a outras causas sen aclarar definitivamente para que arredor de 1.150Has de arborado (900) e monte raso o resto ardesen hai escasos tres días.

Todo apunta a que a faísca ocasionante da traxedia, (cando arde territorio sempre é unha traxedia común), debeuse a unha liña eléctrica que prendeu nos restos secos da xestión da faixa de seguridade da mesma.

As declaracións do presidente do goberno da Xunta de Galicia falan de que se isto se determina oficialmente certo pasaríase a minuta da extinción á empresa responsable.

¿Soamente?

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Sobre quen vai recaer o dano medioambiental, a degradación do chan?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Quen se vai facer cargo de abonar ós propietarios afectados a perda de valor da madeira queimada?

-Quen se vai ocupar da restauración das superficies arrasadas?

-E cando se faga unha avaliación máis exhaustiva dos danos noutros apartados coma traídas veciñais, camiños... Quen vai correr coas reparacións?

-Vai a Xunta de Galicia dar a cara na defensa dos intereses lesionados dos veciños e veciñas afectados?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/04/2019 13:41:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2019 13:41:48

Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2019 13:41:50

Olalla Rodil Fernández na data 01/04/2019 13:41:52

Noa Presas Bergantiños na data 01/04/2019 13:41:53

Xosé Luis Bará Torres na data 01/04/2019 13:42:11



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A política de transparencia da Xunta de Galicia continúa a presentar importantes lagoas. O último feito absolutamente negativo na nosa opinión é a publicación das modificacións orzamentarias autorizadas na reunión do Consello da Xunta de Galicia do 27 de decembro de 2018.

Fronte as baixas das diferentes partidas orzamentarias que se reducen non aparecen as novas partidas orzamentarias as que destinan.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é unha das que máis incumprimentos de execución sofre ano tras ano, especialmente nas partidas referentes á rehabilitación e de acceso á vivenda. E tendo en conta que entre outros compromisos este Goberno ten adquirido aquel que procurará duplicar o parque público de vivenda no horizonte de 2022, chama a atención que no expediente de referencia TR-23-030-18, autorízase unha transferencia de crédito da partida 08.80.451B.6071 “Construción de Vivendas VPP” por un importe de 1.487.917,11€ ao programa 621B “Imprevistos e funcións non clasificadas”.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o novo destino desta modificación orzamentaria?
2. Vai a manter a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda os seus compromisos de duplicación do Parque Público de Vivenda no horizonte do ano 2022?



3. Cree que a rebaixa orzamentaria que se produce sistematicamente cada ano é o mellor modo de conquerilo?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 01/04/2019 13:48:44

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/04/2019 13:48:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/04/2019 13:48:55

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/04/2019 13:49:04



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A política de transparencia da Xunta de Galicia continúa a presentar importantes lagoas. O último feito absolutamente negativo na nosa opinión é a publicación das Modificacións Orzamentarias autorizadas na reunión do Consello da Xunta do 27 de decembro de 2019.

No expediente de referencia: TR-23-030-18, autorízase unha transferencia de crédito por un importe de 116.388.712,71€ ao programa 621B “Imprevistos e funcións non clasificadas”, programa que se emprega coma programa-ponte que permite realizar transferencias de crédito para alterar os límites fixados pola normativa que impedirían as transferencias directas entre as aplicacións afectadas; así como para aplicar os sobrantes dos créditos nas distintas consellarías ao financiamento das partidas deficitarias ao longo do exercicio.

O propio Consello de Contas nos seus informes de fiscalización correspondentes á Conta Xeral da Comunidade Autónoma, recomenda ano tras ano que se adopten “*medidas legislativas e de control parlamentario que limiten o uso excesivo do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas*”.

Á vista destes datos a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cal foi o importe total das transferencias de crédito orzamentario destinado ao programa 621B no ano 2018?
- 2ª) Cal foi o novo destino destas modificacións orzamentarias desde o programa 621B no ano 2018?
- 3ª) Que valoración fai a Consellería de Facenda sobre o uso dado ao programa 621B?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2019





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/04/2019 16:33:21

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/04/2019 16:33:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de asistir a un episodio máis de lume no noso territorio en tempo non habitual. E sen embargo a sequidade xeral, a ausencia de chuvias, as altas temperaturas e un vento sostido superior a 40km/hora con rachas de ata 70 acompañaron a outras causas sen aclarar definitivamente para que arredor de 1.150Has de arborado (900) e monte raso o resto ardesen hai escasos tres días.

Todo apunta a que a faísca ocasionante da traxedia, (cando arde territorio sempre é unha traxedia común), debeuse a unha liña eléctrica que prendeu nos restos secos da xestión da faixa de seguridade da mesma.

A pregunta que se fai moita xente é como pode haber centos e centos de has. continuas de arborado maiormente pirófito, gran parte delas en montes veciñais conveniados que terán ou deberan teren plan de ordenación.

Son cinco montes veciñais afectados ademais de parcelas particulares e 17 Has de propiedade municipal.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 7ª:

Se o cambio climático é xa unha realidade que nos trae períodos de seca desestacionalizados e de alto perigo de incendios, cal é a razón pola que non se adoptan medidas que ordenen o territorio para protexelo e se permiten centos de Has sen discontinuidade?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/04/2019 17:31:27

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2019 17:31:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2019 17:31:35

Olalla Rodil Fernández na data 01/04/2019 17:31:37

Noa Presas Bergantiños na data 01/04/2019 17:31:38

Xosé Luis Bará Torres na data 01/04/2019 17:31:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

O 22 deste xaneiro pasado saíu a liña de axudas para prevención e defensa contra os lumes. O prazo para a presentación de solicitudes rematou o día 21 de febreiro e quedan 5 meses para notifica-la aprobación das mesmas.

Deste xeito, no mellor dos casos situámonos no 21 de xullo. Pois velaí que o problema non está en cando se publica a orde das axudas senón en cando se resolven. Esta data de resolución non debera superar o 30 de abril.

Por outro lado asistimos a períodos de risco cada vez máis cedo e cabe pensar que sería ben que as tarefas de prevención estivesen feitas antes do inicio do mesmo ou no primeiro período.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 7ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón pola que se demoran tanto a concesión das axudas a prevención e defensa contra os lumes e que medidas pensan adoptar para darlle traza ó problema?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/04/2019 18:03:47

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2019 18:03:52

Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2019 18:03:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 01/04/2019 18:03:56

Noa Presas Bergantiños na data 01/04/2019 18:03:57

Xosé Luis Bará Torres na data 01/04/2019 18:03:59



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No 60 por cento dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 por cento dese ano ao 16,4 por cento do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Complexo Residencial de Persoas Dependentes (CRAPD), situado en Vigo, está formado por centros de xestión propia da Xunta de Galicia que contan con 454 prazas para persoas dependentes. Dende o Grupo Parlamentario Socialista tivemos coñecemento de que ademais dos problemas de sobrecarga de traballo do persoal que traballa neste centro (unha problemática xeneralizada en todos os centros que dependen da Consellería de Política Social), e a non cobertura das baixas e vacacións do persoal, da existencia dunha elevada conflitividade laboral, e falla de diálogo entre a representación legal das traballadoras e traballadores coa dirección. De feito, recentemente abriuse expediente disciplinario e proposta de sanción disciplinaria a catro auxiliares de enfermaría traballadoras deste centro, segundo a dirección polo non acompañamento dun residente dende o terceiro andar ao primeiro. Por ditos feitos motivados, tal e como denunciou o propio comité de empresa, pola comunicación ás traballadoras de ordes contraditorias dende diferentes departamentos, se lles impón unha sanción de



suspensión de emprego e soldo durante dez días, e a expulsión das listas de contratación por ese período.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación laboral do Complexo Residencial de Persoas Dependentes de Vigo (CRAPD)?
2. Considera o Goberno galego que a sanción imposta recentemente a catro auxiliares de enfermaría deste centro, por supostamente non baixar a un residente a outro andar, é proporcionada?
3. Ten previsto tomar medidas para reducir a conflitividade laboral no CRAPD Vigo?
4. En caso afirmativo, que medidas vai poñer en marcha?
5. No CRAPD de Vigo, estanse a cubrir o 100 por cento dos días de permiso, vacacións, e IT do persoal?
6. Considera a Xunta de Galicia que o persoal do centro sofre sobrecarga de traballo?
7. Ten previsto o Goberno galego, durante a X lexislatura, incrementar os gastos de funcionamento e de persoal das residencias públicas de maiores da nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Abel Losada Álvarez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 02/04/2019 11:17:06

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/04/2019 11:17:11

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2019 11:19:22
Nº Rexistro: 48493
Data envío: 02/04/2019 11:19:22.540

Julio Torrado Quintela na data 02/04/2019 11:17:16

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Noela Blanco Rodríguez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A situación do mercado laboral en Galicia nestes últimos dez anos caracterizouse polo incremento da precariedade, da inestable, da perda de dereitos e dun alarmante incremento da fenda xeracional, sendo a crise económica e a reforma laboral posta en marcha polo PP as causas con maior peso desta situación.

De 2009 a 2018 a poboación galega reduciuse en máis de 95.000 persoas, das que 143.064 son persoas de entre 20 e 64 anos, é dicir, en idade de traballar. Para ese mesmo período, tomando datos da EPA para o IVT, temos que o número de ocupados diminuíu en – 54.100, o número de fogares con todos os seus membros no paro tense incrementado en +4.400 e o número de fogares sen ingresos ten aumentado en +9.600.

En resume, somos menos, máis envellecidos e dos que quedan traballan menos.

Con estes alarmantes datos, a Xunta de Galicia no exercicio 2018 da partida 32- *Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo*, só executou o 58,9 % respecto do crédito vixente consignado nos orzamentos para ese exercicio, é dicir, deixáronse sen executar máis de 133 millóns de euros.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron os motivos polos que a Xunta de Galicia deixou sen executar máis de 133 millóns de euros do programa 32. *Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo* no exercicio 2018?

2ª) É consciente o Goberno galego do fracaso das súas políticas de emprego?

3ª) É consciente o Goberno galego de que o emprego de calidade ten que ser unha política prioritaria no noso país á vista dos datos socioeconómicos actuais?

4ª) É consciente o Goberno galego de que os concellos, como Administración máis próxima á cidadanía, necesitan destes recursos para poder atender as necesidades da súa poboación?



5ª) Ten previsto o Goberno galego implantar algunha medida para garantir que se execute durante este ano o 100 % do orzamento dedicado á “*Promoción de emprego e institucións do mercado de traballo*”?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/04/2019 11:54:47

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/04/2019 11:54:54

Noela Blanco Rodríguez na data 02/04/2019 11:55:08

Patricia Otero Rodríguez na data 02/04/2019 11:55:16



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Marta Rodríguez Arias, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A conciliación da vida persoal, familiar e laboral real é un dos retos fundamentais da sociedade actual e un dos piares básicos para favorecer a natalidade e o crecemento demográfico. As políticas de conciliación permiten compatibilizar o desenvolvemento dunha traxectoria profesional completa e satisfactoria coa atención e o coidado de fillos e fillas e/ou familiares así como o tempo para o lecer, o descanso ou a formación.

A corresponsabilidade entre ambos membros da parella fomenta a harmonía entre a vida laboral, familiar e persoal, ao compartirse de forma equitativa as obrigas familiares e do fogar e favorecer a igualdade de dereitos entre homes e mulleres. A conciliación corresponsable é unha necesidade especialmente para as mulleres, que en moitas ocasións se ven obrigadas a renunciar aos seus proxectos laborais e vitais para atender aos fillos e fillas e á familia, o que se converte nun dos principais atrancos para rachar coas desigualdades de xénero.

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, no 2016 un total de 910 persoas acolléronse en Galicia a unha excedencia por coidado de fillas e fillos pequenos, e o 91,65% eran mulleres. Do mesmo xeito, un 85,45% de mulleres (179.100), asumiron as responsabilidades doméstico-familiares como única ocupación fronte a un 14,55% de homes. En canto á solicitude de excedencias en Galicia por coidado de familiares, das 194 concedidas no 2016, o 77% foran solicitadas por mulleres.

No 2017, atendendo aos resultados da enquisa estrutural de fogares sobre o coidado de menores e conciliación familiar do IGE, o número de solicitudes de redución de xornada de traballo para atender a menores de 13 anos foi de 39.470, cun reparto desigual entre sexos, de xeito que 7 de cada 10 persoas que se acolleron a esta medida eran mulleres (o 14,85% fronte ao 5,06%).



O apoio ás familias e ás políticas de fomento da conciliación resultan vitais para conseguir un reparto equilibrado entre as obrigas profesionais e persoais a través de recursos de conciliación, axudas económicas, beneficios fiscais, e outras medidas para facilitar a crianza dos fillos e fillas.

Por este motivo a Xunta ten deseñado unha estratexia global para a construción dun marco favorable para as familias, especialmente para as que máis apoio e soporte precisan. Nesta liña enmárcanse as medidas de impulso demográfico do Plan Estratéxico de Galicia, o Plan de Conciliación e Corresponsabilidade ou o Programa de Apoio á Natalidade (PAN GALICIA) no que se inclúen a Tarxeta Benvida, o Bono Coidado ou o Bono Concilia.

No caso do Bono Concilia, trátase dunha axuda económica para que as familias que teñan dereito a unha praza pública nunha escola infantil e non accedesen a ela poidan levar aos seus fillos e fillas a outro centro. Unha medida que no curso pasado acadou os 3.700 beneficiarios e que se volveu convocar no presente curso escolar para posibilitar que todas as familias dispoñan dun recurso de conciliación. A achega orzamentaria estableceuse inicialmente nos 3,5 millóns de euros, unha partida flexible que se pode incrementar en función da demanda tal e como consta na propia orde publicada no DOG. De feito, o Goberno galego ven de aprobar no mes de novembro unha ampliación de crédito para o Bono Concilia de 1,3 millóns de euros.

Polo impacto positivo que terá o Bono Concilia nas familias galegas, e pola súa transcendencia á hora de favorecer a conciliación da vida laboral e persoal, a igualdade e o benestar das familias, así como o apoio á natalidade os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno desta medida de conciliación en relación o Bono Concilia?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2019 12:18:53
Nº Rexistro: 48502
Data envío: 02/04/2019 12:18:53.731

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2019 12:09:17

Marta Rodriguez Arias na data 02/04/2019 12:09:26

María Ángeles García Míguez na data 02/04/2019 12:09:37

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 02/04/2019 12:09:44

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/04/2019 12:09:50

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 02/04/2019 12:09:56

María Soraya Salorio Porral na data 02/04/2019 12:10:04

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/04/2019 12:10:11

Sandra Vázquez Dominguez na data 02/04/2019 12:10:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGP8yZMHj2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Marta Rodríguez Arias, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A recuperación demográfica é un dos retos primordiais para a Xunta de Galicia, non só como liña de goberno, senón como estratexia de futuro sobre a que se asentan as accións estruturais da política galega para as vindeiras décadas. Conscientes dese papel vertebrador da perspectiva demográfica, o Goberno galego artellou unha serie de medidas dirixidas tanto a facilitar a conciliación corresponsable como a apoiar economicamente ás familias.

Foi no 2015 cando a Xunta puxo en marcha o primeiro Programa de apoio a natalidade (PAN GALICIA), que constitúe unha das pezas clave na área de Familia da Consellería de Política Social e que se enmarca dentro das liñas xerais establecidas polo Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

No PAN Galicia inclúense iniciativas pioneiras como a Tarxeta Benvida, o Bono Concilia e o Bono Coidado, recursos dirixidos a contribuír no pagamento dos servizos de conciliación ou os gastos xerais derivados do nacemento, adopción ou garda con fins adoptivos dun neno ou nena.

Tendo en conta a relevancia da Tarxeta Benvida como axuda económica de apoio ás familias, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai o Goberno galego do funcionamento da Tarxeta Benvida dende a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2019 12:19:20
Nº Rexistro: 48504
Data envío: 02/04/2019 12:19:20.252

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2019 12:12:28

Marta Rodriguez Arias na data 02/04/2019 12:12:36

María Ángeles Garcia Míguez na data 02/04/2019 12:12:43

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 02/04/2019 12:12:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/04/2019 12:12:54

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 02/04/2019 12:12:59

María Soraya Salorio Porral na data 02/04/2019 12:13:07

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/04/2019 12:13:14

Sandra Vázquez Dominguez na data 02/04/2019 12:13:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGP8yZMHj2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Marta Rodríguez Arias, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia leva anos traballando para conseguir que en cada concello de Galicia exista, polo menos, un recurso de conciliación a disposición das familias. Na presente lexislatura, o Goberno galego seguiu estendendo a rede de escolas infantís sostidas con fondos públicos de xeito que a día de hoxe Galicia sitúase nunha ratio de cobertura do 42%, 9 puntos por riba do mínimo recomendado pola Unión Europea, existindo actualmente máis de 24.000 prazas públicas para nenos de 0 a 3 anos.

Como complemento, a Xunta crea dúas liñas de axudas que reforzan as posibilidades para a conciliación co Bono Coidado e o Bono Concilia, ademais da Tarxeta Benvida, un apoio económico para as familias á hora de afrontar os primeiros gastos derivados do nacemento e coidado dos fillos e fillas.

Do mesmo xeito, no 2016 o Goberno galego puxo en marcha unha pioneira fórmula para garantir a conciliación tamén no rural, atendendo ás especiais circunstancias dos concellos de menos de 5.000 habitantes coa creación das casas niño.

Así, o Executivo galego impulsa unha rede de recursos de conciliación específicos para os municipios menos poboados co obxectivo engadido de favorecer o asentamento no rural, dotando ás familias deses concellos das mesmas posibilidades de conciliación das que gozan nas vilas e cidades.

Un recurso que ademais permite crear novas oportunidades de negocio, ao tempo que contribúe a cimentar as bases para o reequilibrio territorial e para a revitalización demográfica.

Despois de tres convocatorias consecutivas, as de 2016, 2017 e 2018, todas resoltas, o Goberno galego anunciou a comezos de ano que traballa xa na cuarta convocatoria, o que permitirá dispoñer ao remate da lexislatura de 76 centros deste tipo cun total de



380 prazas públicas, estendendo desta maneira un recurso con moi boa acollida por parte das familias.

Tendo en conta a relevancia das casas niño como centros de conciliación en concellos que non dispoñen doutro recurso para compaxinar a vida laboral e familiar así como polo seu papel na vertebración do rural, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Xunta de Galicia do funcionamento e acollida das casas niño dende a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2019 12:15:13

Marta Rodriguez Arias na data 02/04/2019 12:15:22

María Ángeles Garcia Míguez na data 02/04/2019 12:15:29

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 02/04/2019 12:15:36

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/04/2019 12:15:42

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 02/04/2019 12:15:48

María Soraya Salorio Porral na data 02/04/2019 12:15:56

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/04/2019 12:16:03

Sandra Vázquez Dominguez na data 02/04/2019 12:16:11



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A política de transparencia da Xunta de Galicia continúa a presentar importantes lagoas. O último feito absolutamente negativo na nosa opinión é a publicación das Modificacións Orzamentarias autorizadas na reunión do Consello da Xunta do 27 de decembro de 2018.

No expediente de referencia: TR-23-030-18, autorízase unha transferencia de crédito por un importe de 116.388.712,71€ ao programa 621B “Imprevistos e funcións non clasificadas”; no expediente BC-00-013-18, autorízase unha baixa de crédito por un importe de 132.331.252,07 € e no expediente BC-00.00-010-18 autorízase unha baixa de crédito por un importe de 141.768.298,22 €, tramitándose transferencias dos remanentes non comprometidos de fondos propios para a aplicación orzamentaria 23.02.621B.520. A suma destas tres modificacións orzamentarias ascende a 390.488.263 €.

Só nestas transferencias de crédito danse de baixa unha contía importante de fondos orzamentados inicialmente con destino ás corporacións locais de máis de trece millóns de euros.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi a contía total modificada dos créditos orzamentarios inicialmente destinados ás corporacións locais galegas no 2018?

2ª) Cal é o novo destino destas baixas de créditos orzamentarios que ían destinados inicialmente ás corporacións locais galegas?

3ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre estas modificacións orzamentarias?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/04/2019 12:25:59

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/04/2019 12:26:07



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Segundo se reflicte nalgún medio de comunicación no día de hoxe, no IES Punta Candeira de Cedeira ordenouse a retirada dunha exposición de traballos feitos polo alumnado do 4º curso da Educación Secundaria Obrigatoria, traballos que foran elaborados para celebrar o Día Mundial da Poesía nun taller coordinado polo profesor Carlos Negro.

Aínda que existen versións contraditorias sobre a orixe da orde de retirada da exposición, todo parece indicar que a xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional fixo algún tipo de xestión en relación coa dita exposición logo de ter recibido unha denuncia (anónima ou non), xestión que puido ter sido realizada a través da Inspección Educativa.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Recibiu a xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Coruña algunha denuncia sobre a exposición de traballos de poesía no IES Punta Candeira de Cedeira?.

2ª) Se for o caso, en que se baseaba a dita denuncia?

3ª) Deu a xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Coruña instrucións para a retirada da citada exposición?

4ª) Ser for o caso, foi unha instrución escrita ou verbal? Que motivos xustificaron esa instrución?

5ª) Considera a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que algún dos traballos realizados polo alumnado fomenta comportamentos ou actitudes contrarias ás normas de convivencia?

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/04/2019 12:54:59

Maria de la Concepción Burgo López na data 02/04/2019 12:55:06

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/04/2019 12:55:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ás ameazas de deslocalización da empresa Unitono en Ourense que fornece servizos para Naturgy e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

O pasado dous de abril de 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de que as sospeitas dunha futura deslocalización que o Comité de Empresa levaba tempo advertindo tiñan cada vez meirandes indicios. Polo tanto, é necesario e urxente que o Parlamento Galego e as forzas políticas e institucións galegas se comprometan a prol do mantemento dos postos de traballo en Ourense.

Cómpre recordar que Unitono Contact Center é unha empresa situada no Parque Tecnolóxico de Ourense, no Polígono de San Cibrao. Aínda que na actualidade o volume de traballadores e traballadoras é de 131, o cadro de persoal chegou a elevarse até 250 noutros momentos.

Esta plataforma da empresa Unitono presta os seus servizos de forma exclusiva para a empresa eléctrica Gas Natural Fenosa, coñecida como Naturgy a partir de xuño de 2018, e fundamentalmente para clientes de enerxía eléctrica do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mercado regulado. Desde hai algúns meses a perda de funcións así como a baixada de chamadas foron levantando as alertas por parte dos e das traballadoras. De feito, esta era unha cuestión que reiteradamente puxeron de manifesto a representación legal dos e das traballadoras e sobre a que remitiron sucesivos escritos e peticións de información á dirección da empresa. Nunha das máis recentes, o pasado 14 de marzo, a empresa respondía ao Comité que se ben se confirmaba unha nova plataforma en Reus, esta xestionaría chamadas de Naturgy libre mercado desde o 1 de abril por esixencia do cliente, pero non chamadas de GNSUR.

Porén, a realidade é que no día a día do traballo as e os traballadores ven na aplicación informática como existen tipificacións (é dicir, rexistros de operacións levadas a cabo por outros traballadores e traballadoras) procedentes tanto de Reus como de Colombia. Polo tanto, resulta cada vez máis evidente que malia a opacidade de Unitono está a haber un baleirado da carga de traballo. Así mesmo, a demora no pacto de cuestións comprometidas como a posta en marcha dun mecanismo de incentivos e outras decisións respecto das formacións internas da empresa fan sospeitar que a plataforma ourensá periga e as e os traballadores veñen de iniciar paros e mobilizacións para defender a súa permanencia e os postos de traballo.

Cómpre recordar que xa no ano 2013 esta plataforma de Unitono atravesou por unha situación complicada que culminou un ERTE despois do que, grazas ao sobre esforzo do cadro de persoal, a empresa continuou a súa actividade.

Esta situación é de extrema gravidade xa que estamos a falar fundamentalmente da comarca de Ourense e dos seus arredores, con graves problemas laborais e de fixación de poboación que se verían agravados de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deslocalizarse ou minorarse a actividade desta empresa, agravando o deterioro do sector servizos.

Así mesmo, cómpre recordar que falamos de que o cliente exclusivo desta plataforma é unha empresa eléctrica, orixinalmente con vínculos galegos, e que se lucra grazas á explotación dos nosos recursos naturais, cun importante impacto en Ourense. Polo tanto, é esixíbel que unha das compensacións sexa a través do mantemento dos postos de traballo derivados no noso país, cando menos nunha parte. Porén, co paso dos anos a destrución do emprego é constatábel ao tempo que se promoven plataformas noutros puntos de Europa ou América.

Finalmente, cómpre lembrar que tal e como teñen demandado forzas sindicais e asociacións en defensa da lingua, esta deslocalización impediría pola vía dos feitos unha vía de atención en lingua galega minorando os dereitos das e dos galegos e perdendo unha oportunidade de fixación de emprego con base a este dereito.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera que unha eventual deslocalización desta empresa sería especialmente grave e o goberno galego debe impulsar actuacións contundentes que favorezan a súa permanencia en Ourense.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para garantir o mantemento da actividade e postos de traballo da empresa Unitono en Ourense?

-Ten contactado ou vai contactar o goberno galego coa representación legal dos e das traballadoras de Unitono en Ourense? Valora constituír unha mesa de traballo conxunta? Cales son os motivos?

-Ten contactado o goberno galego coa empresa Unitono? E con Naturgy? Con que resultados?

-Considera o goberno galego que hai risco de deslocalización? E dun ERE?

-Parécelle racional á Xunta de Galiza que a compañía eléctrica explote os recursos naturais galegos e ourensáns e que despois deslocalice todo o emprego auxiliar posíbel? Que ten feito para evitalo?

-Considera o goberno que a inexistencia dun marco galego de relacións laborais no que inserir as negociacións dos centros de chamadas galegos é un problema? Demandará que isto mude?

-Pensa desenvolver o goberno galego algún Plan concreto no sector dos centros de chamadas para garantir o mantemento en Galiza dos postos de traballo? Con que directrices?

-Como valora a situación dos dereitos lingüísticos das e dos usuarios do noso país? Considera que están garantidos? Porque o goberno galego non fomenta que esta sexa unha vía de creación de emprego? Que vai facer para que a proximidade coa lusofonía sexa tamén unha vantaxe competitiva?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Alén de en Unitono recentemente temos visto problemas e crises en Extel, Bosch, Vodafone... ten previsto realizar algún estudo para analizar a situación do sector así como as necesidades para garantir a súa viabilidade e o seu futuro?

-E unha mesa de negociación galega a prol do sector do telemárketing? Cales son as razóns?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/04/2019 18:37:44

María Montserrat Prado Cores na data 02/04/2019 18:37:48





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 02/04/2019 18:37:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/04/2019 18:37:51

Olalla Rodil Fernández na data 02/04/2019 18:37:53

Xosé Luis Bará Torres na data 02/04/2019 18:37:54



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Unha vez máis o programa 723A da Consellería do Mar, deixa a maior parte dos seus fondos sen executar, así no ano 2018, tan só se executaron 3 de cada 10 euros, por debaixo incluso da execución do ano anterior, que eran tamén moi reducida, 4 de cada 10 euros. Este programa de mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura, conta con partidas relativas tanto ao relevo xeracional como á seguridade das persoas que viven no mar, entre elas, axuda a persoas mozas pescadoras, formación menores de 30 anos, saúde e seguridade, modernización de motores, eficiencia enerxética, investimentos a bordo, etc.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cal é o motivo polo que a Consellería do Mar executa unicamente 3 de cada 10 euros do programa 723A?
- 2ª) Como vai acadar o Goberno galego o obxectivo de relevo xeracional cunha execución tan baixa?
- 3ª) Como vai cumprir o Goberno galego cos obxectivos do Plan estratéxico galego cunha execución tan baixa?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 02/04/2019 13:03:41

Patricia Otero Rodríguez na data 02/04/2019 13:03:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O río Furelos é o que se di un río con personalidade, aparece nas cantigas tradicionais da zona, famoso polas súas troitas e nos últimos tempos polas actividades que xera. Nel, tódolos anos, centos de rapaces e rapazas participan en campañas de limpeza do mesmo ó tempo que adquiren conciencia e hábitos de conservación da natureza.

Ten así mesmo unha asociación de troiteiros moi activa que leva o seu nome e que coida da súa saúde medioambiental.

Pois ben, o pasado 17 de marzo de mañanciña saltaron tódalas alarmas desde os pescadores porque se observaba unha capa de espuma de varios centímetros de espesor na tona da auga. de espuma e augas. Feito un seguimento río arriba comprobouse que o citado vertido procedía do polígono industrial .

Sabido é que este polígono cunha moi boa implantación e actividade verte libremente ó rego de Piñor-Reboredo que da as súas augas ó Furelos e este á súa vez ó Ulla.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sabido é tamén que ademais destes vertidos constantes acontecen con certa frecuencia os que se fan visibles pola súa intensidade e por veces pola mortandade piscícola que se aprecia a simple vista.

Ninguén se explica que tal polígono industrial teña a ocupación que ten, leve funcionando todos estes anos e que non conte cunha estación depuradora industrial como é preceptivo e manda a lei. Só desde o desinterese, falta de conciencia e conculcación da legalidade das autoridades responsables do medio ambiente e da calidade das augas tanto do concello coma da Xunta de Galicia é que se pode explicar tamaña situación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Sabe o goberno galego que o polígono de Melide carece de EDAR e que verte directamente ó Furelos e logo ó Ulla?

-Sabe o goberno galego que por veces rexístranse vertidos que poñen en perigo a vida existente no regato de Piñor, o río Furelos e o Ulla do que hai poboacións río abaixo que toman auga para consumo humano?

-Teñen pensado tomar algunha medida?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2019 11:01:23

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2019 11:01:29

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2019 11:01:31

Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2019 11:01:32

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2019 11:01:34

Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2019 11:01:35



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O programa 723C da Consellería do Mar, denominado Desenvolvemento sostible das zonas de pesca, executou só un de cada dous euros no ano 2018. Xa no ano 2017, deixaba 6 de cada 10 euros sen executar. Por iso as deputadas que asinan preguntan:

Cales son as causas polas cales o programa 723C deixou sen executar a metade dos fondos no ano 2018?

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 03/04/2019 11:09:04

Patricia Otero Rodríguez na data 03/04/2019 11:09:16



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Unha vez pechado o exercicio económico 2018 e presentado o documento correspondente á execución orzamentaria do dito exercicio, as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Cales foron as transferencias anuais totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas no exercicio 2018?

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/04/2019 11:18:47

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/04/2019 11:19:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2019 11:19:16

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/04/2019 11:19:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a retirada dunha exposición poética da biblioteca escolar do centro de ensino Punta Candieira, de Cedeira.

O alumnado de 4º da ESO do centro de ensino Punta Candieira de Cedeira participou nun obradoiro de creación literaria que contou coa participación do poeta Carlos Negro. Os poemas elaborados polo alumnado convertéronse nunha exposición que foi colocada na biblioteca do centro.

O 1 de abril de 2019 e despois de recibir instrucións de que a exposición debía ser retirada, a coordinadora da biblioteca escolar enviou un escrito á Consellaría de Educación para denunciar o acontecido, que tildou de censura, e pór o seu cargo a disposición do centro como mostra de rexeitamento.

Segundo explicou, a Xunta de Galiza non informou da razón ou razóns que existían a retirada desta mostra poética alén de afirmar que tiveran recibido unha delación anónima. Porén, ao día seguinte, o Goberno galego aclarou que un dos poemas “fomenta o sentimento de odio”.

Que dicía o poema?

Odio que non me deixen facer as cousas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Odio que todo empece por ‘odio que’

Odio os postureos nas redes sociais

Odio aos fachas

Odio ter fame

Odio aos críticos

Odio perder o tempo

Odio a sociedade na que vivimos

Odio a tauromaquia

Odio que se me meta o rímel nos ollos

Odio a xente hipócrita

Odio España

Odio que me obriguen a comer

Odio a fantasía pintada de rosa

...

A liberdade de expresión é un dereito fundamental que apenas se pode ver limitado para protexer minorías en situación de discriminación, como lembrou ao Estado español recentemente o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH). Calquera vulneración deste dereito, sinalou o TEDH, resulta “prexudicial para o pluralismo, a tolerancia e o principio sen o cal non hai unha sociedade democrática”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Obrigar a retirar unha mostra da creación artística estudantil supón, alén dunha vulneración flagrante e inadmisíbel do dereito á liberdade de expresión, trasladar unha mensaxe nefasta ao alumnado.

Para o Bloque Nacionalista Galego, o proceder da Xunta de Galiza neste caso constitúe claramente un acto de censura que non pode ter cabida nunha sociedade que se considere democrática e garantista dos dereitos humanos fundamentais.

Por todo o exposto con anterioridade fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Por que considera a Xunta de Galiza que a exposición da biblioteca escolar de Cedeira “fomenta o sentimento de odio”?
- Ordenou a Xunta de Galiza a retirada da mostra?
- Considera o Goberno galego que a retirada da exposición garante o dereito á liberdade de creación e expresión do alumnado?
- Que mensaxe coida a Xunta de Galiza que lanza ao alumnado a decisión de retirar a exposición?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2019 11:29:35

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2019 11:29:39

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2019 11:29:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2019 11:29:42

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2019 11:29:44

Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2019 11:29:45



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os datos recollidos polo Ministerio de Fomento respecto da construción de vivenda protexida entre os anos 2011 e 2018 constatan que a construción de vivenda pública practicamente iguala nos últimos oito anos á de todo o 2007.

E neste cómputo inclúense tanto as vivendas promovidas polo sector privado como polo sector público.

Nos últimos cinco anos só se teñen edificado ou rehabilitado 203 vivendas, é soamente 20 nos dous últimos, o que fala ben da tendencia ó nulo impulso de ámbolos dous sectores, público e privado.

A Xunta de Galicia, en declaracións da propia conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda está neste momento executando a construción de 121 vivendas novas e asumindo a rehabilitación de 91 vivendas, isto é un total de 212 vivendas en toda Galicia, pero das que non se coñece nin a fase de execución, nin a data de finalización prevista, nin as condicións coas que serán postas a disposición da cidadanía.

Polo tanto, seguimos falando de vivendas en tramitación para este ano, pero coñecemos pouco dos resultados anuais reais comprometidos.

O Rexistro Único de Demandantes de vivenda a día de hoxe rexistra un total de 13.460. No mellor dos casos, no que os proxectos en marcha da consellería se rematasen neste ano, non se conseguiría cubrir máis que o 1,57 % da demanda. Chama a atención tamén como a pesar da alta demanda de vivenda en concellos de toda Galicia, con 20 deles por riba dos 50 demandantes, se teñan elixido concellos de demanda case nula para a construción de novas vivendas. Algo que choca co fin último do Rexistro de Demandantes, é o de servir de guía para o deseño máis equilibrado das políticas de vivenda da nosa comunidade.



É máis, na posta en marcha das medidas, a provincia de Ourense, coa menor das demandas das catro provincias sae beneficiada proporcionalmente en detrimento da oferta no resto das tres provincias.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o valor que a consellería está a outorgar ó Rexistro Único de Demandantes de Vivenda?
2. Que ten provocado que nas políticas de vivenda dos últimos anos non se teña atendido nin unha soa das demandas de polo menos 16 concellos de toda Galicia con peticións por riba de máis de 50 demandantes?
3. Cal é a inversión media do custe total medio empregado para a construción de vivendas novas? Cal o custe total medio empregado para a rehabilitación de vivendas? E cal o custe total medio para a construción de vivendas modulares?
4. Cal é o tempo medio empregado para a tramitación e construción dunha vivenda nova de promoción pública?
5. Cal o tempo medio empregado para a tramitación e rehabilitación dunha vivenda de promoción pública?
6. Cal se espera sexa o tempo medio empregado para a tramitación e construción dunha vivenda modular de promoción pública?
7. Cal é a estimación de aumento do parque público de vivenda en Galicia para o ano 2022? Cantas vivendas se prevé contar nese ano?
8. Pensa a Xunta de Galicia acadar para o ano 2022 o obxectivo de duplicidade do parque público de vivenda mantendo o ritmo actual?

Pazo do Parlamento, 02 de abril de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 03/04/2019 13:08:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/04/2019 13:08:37

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2019 13:10:52
Nº Rexistro: 48587
Data envío: 03/04/2019 13:10:52.546

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2019 13:08:41

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Nuns dos últimos Consellos da Xunta de Galicia autorizouse a licitación “en vindeiras datas” das obras de mellora do proceso de depuración da EDAR dos Praceres, no concello de Pontevedra, cun orzamento superior aos 16,5 millóns de euros. Segundo foi anunciado oficialmente, o prazo para a redacción do proxecto é de 3 meses e o de execución outros 12, ademais doutros 12 meses adicionais para a posta en marcha dos novos tratamentos. É dicir, poñémonos, como mínimo, en xullo do ano 2021. Esta actuación hidráulica está cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 por cento, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, polo que necesariamente deben ser rematadas as obras definitivamente antes de que remate o ano 2022. Segundo dixo o presidente da Xunta de Galicia, os traballos subdividiranse en 5 categorías: as actuacións previas, a conversión dos reactores biolóxicos a leito móbil, a implantación dunha etapa de clarificación das augas depuradas, a reforma do edificio de control e a da liña de tratamento de lodos secundarios.

Ademais destas obras de mellora, o Goberno prevé construír un novo emisario submarino (prevé iniciar “tamén” a execución este ano), como parte do Plan de saneamento local elaborado tras unha “exhaustiva análise do actual sistema” que foi “dialogado” cos Concellos e os mariscadores da ría de Pontevedra. Ninguén discute que os emisarios submarinos contribúen á mellora da calidade das augas pola depuración mediante dilución. Non obstante, coa *conditio sine qua non* de que estas augas estean previamente ben depuradas, o que significa que cómpre abordar primeiro a correcta depuración dos vertidos que se pretenda enviar ao emisario que, segundo as propias previsións do Goberno galego, vai a xullo de 2021, como mínimo. Ademais, na parroquia de Lourizán a veciñanza oponse a este anteprojecto de novo emisario.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que data ten o Goberno da Xunta de Galicia para o remate definitivo das obras de mellora do proceso de depuración da EDAR dos Praceres, no concello de Pontevedra?
2. Prevé o Goberno a existencia dalgún risco de que se poida perder o financiamento da UE a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional se as obras non se rematan definitivamente antes do fin de 2022?
3. Ese proxecto de mellora vaise executar dentro do perímetro da actual concesión? Ten solicitado Goberno ao Goberno do Estado a ampliación da ocupación de terreos de dominio público?
4. Vai iniciar o Goberno a construción dun novo emisario submarino antes de rematar as obras de mellora da EDAR? Ten solicitado Goberno ao Goberno do Estado a ocupación de terreos de dominio público para ese novo emisario?
5. Con que concellos e con que responsables dos 49 bancos marisqueiros “dialogou” o Goberno? Cal foi o resultado dese “diálogo”?

Pazo do Parlamento, 02 de abril de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2019 13:12:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/04/2019 13:12:54

María Luisa Pierres López na data 03/04/2019 13:12:59





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a externalización das tarefas de análise e informe das intervencións sobre bens de interese cultural ou catalogados por parte da Consellaría de Cultura.

A Xunta de Galiza publicou no DOG o 25 de marzo de 2019 unha Resolución do 28 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se dá publicidade a unha encomenda de xestión ao medio propio Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A. (Tragsatec).

O obxecto da encomenda é a execución do servizo técnico cualificado para a análise e informe das intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, na súa contorna de protección ou na súa zona de amortecemento.

Resulta cando menos rechamante que a Resolución, publicada o 25 de marzo no DOG, ten un prazo de vixencia de catro meses a comezar desde o 1 de marzo –vinte e catro días antes da súa publicación no DOG-- e está orzada con 148.264,87 €.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas tarefas, que deben ser desenvolvidas polo persoal da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, son de facto externalizadas a unha empresa que non ten competencia para as levar a cabo e que, alén do máis, pasa a manexar información sensíbel que conta con protección legal.

A decisión do Goberno galego a través da Consellaría de Cultura pon en evidencia a falta de persoal suficiente na Dirección Xeral de Patrimonio para asumir a carga de traballo o que, para o Grupo parlamentario do BNG, exige ampliar o cadro de persoal non externalizar servizos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Por que externalizou a Xunta de Galiza as tarefas de análise e informe da intervencións sobre BICs ou bens catalogados?
- Cre a Xunta de Galiza que unha empresa como TRAGSATEC pode cumprir esta función?
- Que garantías ten o Goberno galego de que isto é así?
- Por que se publica vinte e cinco días despois de se iniciar o período de vixencia da actividade a Resolución no DOG?
- Cre a Xunta de Galiza que a Dirección Xeral de Patrimonio conta con persoal suficiente para asumir a carga de traballo que ten?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que non amplía o seu persoal a DX de Patrimonio en troca de externalizar o traballo?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2019 13:50:23

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2019 13:50:28

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2019 13:50:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2019 13:50:30

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2019 13:50:32

Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2019 13:50:33



Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Hai uns meses publicáronse os proxectos de tres parques eólicos previstos no entorno do espazo natural da Braña Rubia, nos concellos de Coristanco, Carballo e Santa Comba. Falamos da instalación de 27 novos aeroxeradores, ademais de toda a rede de viarios, liñas de evacuación e unha Liña de Alta Tensión que daría saída á enerxía producida ata O Mesón do Vento.

Unha parte da veciñanza afectada considera que a localización destes parques non é a adecuada, xa que se vai producir unha aglomeración de parques eólicos nunha mesma zona. Con importantes afeccións de distinto tipo, ambientais, con afectación a unha zona LIC, con parte do territorio afectado que aparece dentro do Catálogo de Humidais de Galicia e tamén no Catálogo de Paisaxes de Galicia coa categoría de área de Especial Protección Paisaxística. Ademais de afectacións da riqueza cultural e arqueolóxica da zona.

A estas afeccións, únense as de carácter social e económico, con vivendas situadas a menos de 500 metros das vivendas, por debaixo do que establece o Plan eólico de Galicia. Ademais hai que valorar a perda da base territorial, tanto forestal como agrícola e gandeira o que pode derivar na destrución de postos de traballo vinculados a estes sectores.

Tanto a propiedade da empresa explotadora do parque, como a súa configuración apuntan a que estaríamos ante un parque unitario. Este parque se fragmenta, sen unha xustificación axeitada, en tres parques mais pequenos para poder ser tramitado pola lexislación autonómica en lugar de pola lexislación estatal. Nos planos presentados destes parques eólicos, apreciase que se superpoñen en varios ámbitos as tres áreas poligonais, e mesmo hai dous eólicos que estarían situados dentro da área dos tres parques simultaneamente.



Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia do rexeitamento que provocan nunha parte importante da veciñanza os proxectos dos tres parques eólicos previstos no entorno do espazo natural da Braña Rubia, nos concellos de Coristanco, Carballo e Santa Comba?
2. Ten avaliado de maneira específica as causas das protestas dos veciños e os impactos das mesmas?
3. Considera xustificada a fragmentación en tres proxectos desta explotación eólica por parte da mesma empresa?

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2019

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/04/2019 16:34:15

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/04/2019 16:34:20

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2019 16:34:26



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Na memoria dos orzamentos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o ano 2018 pódese ler que o programa 423B *Prevención do abandono escolar*, trata de atender a necesidade existente de incrementar o número de titulados en formación postobligatoria, sobre a necesidade recoñecida de que é necesario formar unha cidadanía máis e mellor formada.

Tamén se recoñece, axeitadamente a xuízo deste grupo parlamentario, que para abordar a diminución do abandono escolar, é necesario incrementar a porcentaxe de xente nova que remata o nivel educativo da Educación Secundaria Superior.

As propostas articúlanse ao redor de catro amplos ámbitos de actuación: as administracións educativas; os centros educativos e o persoal docente; as administración locais, as familias e os mozos e mozas que abandonaron o sistema educativo sen ter obtido un título de educación secundaria obrigatoria ou post-obrigatoria, e o contorno laboral, tendo previstas as seguintes actuacións estratéxicas:

1. Realizar actuacións destinadas a compensar as dificultades do alumnado para diminuír o abandono escolar prematuro e incrementar, por tanto, o éxito escolar.
2. Fomentar a participación dos centros educativos na convocatoria de contratos-programa coa finalidade de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia.
3. Promover accións no campo da orientación educativa que establezan liñas de reforzo necesarias para reverter o fracaso escolar e/ou o escaso aprecio pola aprendizaxe incidido no aumento da motivación e autoestima.
4. Desenvolver medidas de apoio e reforzo educativo.



5. Formación do profesorado para posibilitar a súa intervención no coñecemento e aplicación de liñas de atención á diversidade, na procura de garantir o éxito educativo de todo o alumnado.
6. Promover medidas de apoio nas áreas instrumentais e de idiomas.
7. Impulsar un programa de oratoria, que contribúa á mellora das habilidades comunicativas orais, ao tempo que favoreza o desenvolvemento das seguintes competencias clave: comunicación lingüística, competencias sociais e cívicas e sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
8. Desenvolver un proxecto de innovación educativa centrado na mellora da convivencia escolar, dentro de educonvives.gal.
9. Apoiar aos concellos e asociacións sen fins de lucro para que realicen actividades que permitan ás persoas adultas adquirir as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensinanza, regrada ou non regrada, como a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais
10. En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.5.09) son acadar que máis alumnado consiga finalizar con éxito a educación secundaria obrigatoria que lle permita continuar estudos en formación profesional de grao medio ou continuar estudos no bacharelato, contribuíndo a que os mozos e mozas permanezan no sistema educativo despois de finalizada a educación obrigatoria.

Pese ao marco teórico deste programa, o certo é que a súa dotación orzamentaria e a posterior diminución poñen de manifesto que o compromiso da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional neste ámbito é cuestionable.

Así, dunha dotación inicial de 23.122.000 €, fíxose unha modificación orzamentaria global que o rebaixou a 14.732.000 € o que supón unha redución do 36,28 %. Ademais, e pese a presentar un nivel de execución do 100 %, debemos ter en conta que a execución final é un 63,71 % do consignado inicialmente e que debemos supoñer que era o que se consideraba necesario.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi o motivo polo que se reduciu un 32,1 % o orzamento inicial do programa 423B Prevención do abandono escolar no ano 2018?



2ª) Considera a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que coa cantidade executada foron atendidas as necesidades existentes?

3ª) Se a resposta á anterior pregunta é afirmativa, como se xustifica que para o ano 2019 este programa conte cun orzamento de 25.429.000 €, cantidade que incrementa nun 72,61 % o executado no 2018?

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/04/2019 17:41:17

Maria de la Concepción Burgo López na data 03/04/2019 17:41:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación que atravesamos o Centro Dramático Galego (CDG) e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Desde hai anos o sector das artes escénicas vén denunciando o esmorecemento do Centro Dramático Galego (CDG).

A redución do número de espectáculos producidos, o escaso orzamento (600.000 euros en 2019), as mudanzas introducidas nos procesos de selección de elencos desde 2016 e os conflitos que isto ten ocasionado ao resultar contraditorio coa natureza artística do propio centro ou a redución das xiras de distribución, son algunhas das críticas que ten suscitado e que foron trasladadas á AGADIC por parte da Asociación de Actrices e Actores de Galiza (AAAG) motivando tamén iniciativas por parte do Grupo parlamentar do BNG na Cámara.

É evidente que o Centro Dramático Galego precisa dunha mudanza para o axustar á realidade e necesidades actuais, dotándoo dunha autonomía real que garanta a súa natureza como centro de produción artística.

Esta situación –como ten trasladado aos grupos parlamentares a AAAG, non é exclusiva do CDG senón que ten lugar tamén noutras institucións públicas semellantes da nosa contorna como é o Instituto Nacional de Artes Escénicas e Musicais (INAEM)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dependente do Goberno español, no que se integran o Centro Dramático Nacional, a Compañía Nacional de Teatro Clásico ou a Compañía Nacional de Danza.

O que non resulta homologábel en ambos os dous casos, é a actitude dos distintos gobernos. Mentres que o Estado español ten impulsado un grupo de traballo para abordar a necesaria reforma do INAEM, a Xunta de Galiza leva anos facendo ouvidos xordos ás demandas e necesidades do sector das artes escénicas, a comezar polo Centro Dramático Galego.

Neste senso, malia transcorrer trinta e cinco anos desde a súa fundación, o CDG non conta a día de hoxe nin sequera cun estatuto propio que defina os seus obxectivos, organización e funcións e adoece dunha burocratización e funcionarización nos seus procedementos que vai en prexuízo da creación e produción artística.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da situación na que se atopa o Centro Dramático Galego?

- Por que non quere escoitar a Xunta de Galiza ao sector que vén reclamando mudanzas no CDG para garantir a súa función como unidade de produción teatral pública?

- Ten participado a Xunta de Galiza nas xuntanzas do Consello estatal das Artes Escénicas e da Música no que se abordaron ideas e plans para solucionar dificultades semellantes ás que atinxen as artes escénicas en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- De non ser así, por que razón non asistiu?
- Que propostas ten o Goberno galego para o sector das artes escénicas en Galiza? E para o futuro do CDG?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2019 18:36:23

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2019 18:36:28

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2019 18:36:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2019 18:36:31

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2019 18:36:32

Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2019 18:36:34



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**, relativa á Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar de Vilagarcía.

As familias de nenos e nenas con necesidades especiais usuarias dos servizos da Asociación Galega de Atención Temperá, concretamente da Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar (UDIAF) de Vilagarcía, veñen de denunciar que os seus rapaces non están a recibir un trato adecuado por parte das institucións.

A UDIF traballa con nenos e nenas que teñen dificultades de desenvolvemento, emocionais, sensoriais, da fala, da comunicación, cognitivas, motrices e con síndromes como Marfan, Down, Feto-fetal, Prader Willi, Alcohólico fetal, entre outros. Ofrece un servizo gratuíto aos 9 concellos da Comarca do Salnés, que conta cunha poboación de máis de 111.000 habitantes.

A unidade está radicada no Centro Social de Vilagarcía, na Av. Rosalía de Castro, 24. Dispón dunha sala de psicomotricidade e dous pequenos despachos, un deles dedicado ao servizo de logopedia. As infraestruturas, que non están habilitadas correctamente para os nenos e nenas, só permiten dar servizo ao 2,1% da poboación que abarca, o que explica que os nenos atendidos no ano 2018 foran só 154 dos 200 que o solicitaran.

O tempo que pasa actualmente unha familia na lista de espera é de 5 meses e aumenta cada ano. Por isto, as familias da contorna con nenos e nenas que teñen necesidades especiais demandan que se faga o posible para que a UDIAF conte





con medios materiais e humanos adecuados para cubrir as necesidades de todo o alumnado potencial do Salnés.

Na actualidade, as instalacións da UDIAF atópanse nun espazo cedido pola Xunta de Galicia que é claramente insuficiente. Precísanse polo menos catro salas máis e dous despachos a maiores se se quere os nenos e nenas estean ben atendidos e se poida chegar a satisfacer as necesidades de tódalas familias.

Ademais, os propios profesionais da UDIAF denunciaron o ano pasado que estaban ao límite da súa capacidade asistencial, polo que solicitaron un aumento do seu persoal.

Marea da Vila xa instou ao Concello de Vilagarcía a satisfacer as necesidades da UDIAF, pero entendemos que Xunta de Galicia tamén ten que involucrarse na solución do problema, xa que é a Consellería de Política Social quen subvenciona a unidade e foi o Goberno galego quen cedeu unhas instalacións deficientes.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia do estado das instalacións que lle cedeu á UDIAF de Vilagarcía?
- Pensa que son suficientes para satisfacer as necesidades do alumnado e das familias da contorna do Salnés?
- Se é así, como é posible que 48 rapaces non foran atendidos, aínda que o precisaran?
- Por que non puxo solución ao asunto ata o de agora?





- Que vai facer para abordar o problema?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 03/04/2019 18:31:31

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/04/2019 18:31:40



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta na Comisión 4.ª**, relativa á prohibición do uso do galego para impartir matemáticas.

A comezos de marzo, a Xunta de Galicia apercibiu a unha mestra do IES Enrique Murais de Pontenova por impartir clases de Matemáticas en galego a un alumnado integramente galegofalante.

Nunha mensaxe escrita no seu muro de Facebook, a mestra explica o acontecido con claridade meridiana: “Cada inicio de curso comento na aula que en 2010 a Xunta sacou un decreto que me “obriga” a impartir as clases en castelán”, máis tamén “falamos do sentido común e seguimos a entendernos de marabilla na nosa lingua”. Non obstante, semella que o sentido común non lle abonda a Consellería de Educación. Tampouco lle parece suficiente o Estatuto de Autonomía de Galicia, que establece que “a lingua propia de Galicia é o galego” e que “os poderes públicos (...) potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”. O Decreto do Plurilingüismo aprobado polo Goberno do Partido Popular vulnera o Estatuto de Autonomía ao impedir que se impartan as materias de Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química en galego, xa que sitúan ao idioma á marxe da cada vez máis importante realidade científica e tecnolóxica, mandando unha mensaxe nada velada aos alumnos e alumnas de que o galego é unha lingua de segunda.





Que isto aconteza agora é particularmente grave xa que, segundo advertiu o recente traballo da Real Academia Galega titulado *Lingua e sociedade en Galicia. Resumo de resultados 1992-2016*, existe unha “crecente ruptura da transmisión interxeracional” que provoca “uns usos minguentes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos”. Na investigación destácase, ademais, que o precario uso do galego entre os mozos e mozas non se debe tanto ao idioma empregado polas súas familias como á súa escasa presenza no espazo escolar. Segundo as estatísticas da Mesa pola Normalización Lingüística, o 40% dos centros de Educación Infantil das cidades non recorren nunca ao galego. É por iso que as xeracións máis novas están xa protagonizando “un proceso acelerado de monolingüización en castelán, a un ritmo que non prevían os resultados de estudos demolingüísticos previos”.

Así as cousas, cómpre adoptar medidas contundentes para asegurar a continuidade do galego e a súa vitalidade social e cultural. O noso idioma merece un mellor recoñecemento por parte das institucións, comezando polo propio Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que lle parece á Xunta de Galicia que unha profesora de Matemáticas non poida impartir clases en galego a unha audiencia galegofalante?
- Pensa que co actual Decreto de Plurilingüísmo estase a respectar o mandato de potenciar o uso do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, recollido no Estatuto de Autonomía?
- Pensa facer algo para que os alumnos e alumnas galegas poidan estudar Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química no noso idioma





- Que avaliación fai da “crecente ruptura da transmisión interxeracional” da lingua que provoca “uns usos minguentes do galego por parte da xente máis nova”?
- Pensa facer algo para evitala?
- Como vai loitar contra o “proceso acelerado de monolingüización en castelán” que todos estamos a observar?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 03/04/2019 19:25:24

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/04/2019 19:25:30



Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Abel Fermín Losada Álvarez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A execución dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de 2018 das entidades do sector público autonómico (axencias públicas) indica que a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) non adquiriu obrigas por un importe de 1,5 millóns de euros sobre o total de créditos definitivos do exercicio (6,2 millóns), o que determina un grao de execución orzamentaria do 76 %, ademais de seren minorados os créditos iniciais en 300.000 euros.

Polo que os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cales son os programas e servizos que se viron afectados pola falta de execución referida?
- 2ª) Cales son os motivos da indicada minoración de créditos iniciais?

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/04/2019 11:04:47

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/04/2019 11:05:01

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/04/2019 11:05:18

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/04/2019 11:05:27



Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Abel Fermín Losada Álvarez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A execución dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de 2018 das entidades do sector público autonómico (axencias públicas) indica que a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) non adquiriu obrigas por un importe de 1,5 millóns de euros sobre o total de créditos definitivos do exercicio (6,2 millóns), o que determina un grao de execución orzamentaria do 76 %, ademais de seren minorados os créditos iniciais en 300.000 euros.

Polo que os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cales son os programas e servizos que se viron afectados pola falta de execución referida?
- 2ª) Cales son os motivos da indicada minoración de créditos iniciais?

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/04/2019 11:05:44

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/04/2019 11:06:00

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/04/2019 11:06:11

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/04/2019 11:06:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

No pasado ano de 2017 retiráronse oficialmente case 24.000 niños de velutinas, a metade na provincia da Coruña, iso sen contar aqueles retirados por apicultores afeccionados que non se contabilizaron.

Non cansaremos de repetir que se trata dunha praga que ameaza seriamente a biodiversidade e que está causando graves perdas na apicultura, na fruticultura e na polinización en xeral pola merma e estragos que está a facer sobre os insectos polinizadores.

O cambio no comportamento da especie do ano 2017 ó 2018 foi radical. Mentres o ano 2017 dunha climatoloxía sen chuvias e con temperaturas inusualmente benignas no inverno, favorecía a ubicación da especie en grandes niños perto dos cursos de auga e alonxados das casas, o 2018 de clima máis adverso buscaron abeiro preto das casas e fabricaron niños pequenos menos visibles. Isto traducíuse nun maior número de accidentes con moitísimas picaduras e mesmo con mortes naquela xente que ten alerxia ó seu veneno.

Temos polo tanto que sumar ós danos anteriormente citados un novo que nos parece moito máis grave: a vida humana.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A poboación precisa estar informada, precisa saber que facer. As Consellerías seguen a pauta do escurantismo e a ineficacia baseando na inacción toda a súa estratexia e tentando desviar responsabilidades ás Deputacións e ós Concellos cando o problema é de Medio Rural e de Medio Ambiente. O ano pasado as deputacións investiron catro veces máis cá Xunta.

Non pode ser que a cidadanía afectada directamente estea buscando solucións pola súa conta utilizando métodos que por veces poden ser perigosos para a saúde humana e para o medio ambiente nin que persoal sen cualificar dos concellos, bombeiros, GES e demais implicados, sen formación específica que os capacite para a retirada de niños nin para o combate a este insecto por medio de biocidas e outras substancias perigosas estean realizando funcións que non lles competen.

É obriga das xa citadas consellerías establecer, orzamentar e coordinar liñas de investigación acordes á magnitude do problema e dar información clara e útil á poboación que evite accidentes e danos na mesma e máis no medio natural.

As declaracións da Conselleira feitas hai poucos días dicindo máis ou menos que o da velutina non tiña solución e que debiamos resignarnos a convivir con ela é inaceptable mírese desde onde se mire.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Que dificultades hai para non teren creado un organismo único que coordine a estratexia de loita contra a velutina dotándoo e orzamento propio ?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é a razón pola que o goberno galego non lidera o proceso de loita contra da velutina tomando claramente a iniciativa, unificando esforzos e apostando seriamente pola investigación de métodos de loita biolóxica, evitando a dispersión de recursos e liñas de investigación?

- Por que non se inclúe a Plataforma Stop Velutina e as asociacións de apicultores e outros sectores afectados: fruticultores, investigadores, ecoloxistas na Comisión de Seguimento ?

- Por que a citada Comisión de Seguimento non informa periodicamente do estado da situación, medidas tomadas e dos avances na loita contra esta praga?

- Cales son as razóns polas que o goberno galego non divulga entre a poboación os cambios de comportamentos da véspera velutina e as precaucións que a cidadanía debe tomar diante destes cambios.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/04/2019 11:22:00

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2019 11:22:04

Ana Pontón Mondelo na data 04/04/2019 11:22:05

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2019 11:22:07

Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2019 11:22:08

Xosé Luis Bará Torres na data 04/04/2019 11:22:10



A Mesa do Parlamento

Soraya Salorio Porral, Teresa Egerique Mosquera, Aurelio Nuñez Centeno, Diego Calvo López, Marian García Miguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Martín Fernández Prado e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

De todos os aquí presentes é coñecido o desgraciado accidente do pesqueiro “Silvosa”, afundido o pasado 20 de decembro no porto de Malpica no que perdeu a vida o seu patrón José Angel Sanjurjo Láuzara de só 48 anos de idade, e no que foron rescatados polos servizos de salvamento os outros tres mariñeiros.

Estamos a falar dun porto, como o propio sector sabe, cunha configuración e unha localización complexas desde a súa construción, hai máis de 80 anos, tanto polas dificultades de saída e entrada ao peirao como polas correntes que se xeran no seu interior.

Segundo os técnicos, o acondicionamento desta infraestrutura portuaria constitúe probablemente unha das obras máis complexas que existen en todo o litoral de Galicia. Con todo, hai que lembrar que grazas ás distintas melloras executadas e ás advertencias realizadas, nos últimos 25 anos operouse con normalidade no porto ata que a finais do ano pasado se rexistrou o accidente do ‘Silvosa’, co trágico resultado dun falecido.

Neste sentido, desde decembro houbo varias xuntanzas ao respecto entre distintos representantes da Consellería, da confraría e dos familiares máis próximos do falecido para abordar esta situación. Nestas xuntanzas analizáronse as casuísticas, como a complexidade do propio porto, e unha eventual obra, que está a expensas do que decidan os técnicos, que son quen están facultados para abordar a viabilidade

Por todo o anteriormente mencionado, os deputados e deputadas asinantes formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión:

-En que liñas está traballando Portos de Galicia para procurar a mellora da seguridade no porto de Malpica?

-Con que se ten reunido a Consellería do Mar para abordar esta problemática?





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 12:11:09
Nº Rexistro: 48674
Data envío: 04/04/2019 12:11:09.237

Santiago de Compostela, 04 de abril de 2019.

Asinado dixitalmente por:

María Soraya Salorio Porral na data 04/04/2019 12:03:26

Teresa Egerique Mosquera na data 04/04/2019 12:03:39

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/04/2019 12:03:52

Diego Calvo Pouso na data 04/04/2019 12:04:03

María Ángeles García Míguez na data 04/04/2019 12:04:22

Alberto Pazos Couñago na data 04/04/2019 12:04:34

Marta Rodríguez Arias na data 04/04/2019 12:04:46

Martín Fernández Prado na data 04/04/2019 12:05:13

Daniel Vega Pérez na data 04/04/2019 12:05:39

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGP8yZMHj2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A billarda é un xogo que forma parte da tradición cultural galega. Aínda que a súa práctica foi minguando ao longo do tempo, aínda se conserva nalgúns zonas do país. Desde o ano 2003 véñense organizando en Galiza competicións de billarda. O proceso de recuperación comezou na Mariña de Lugo, e desde aí foi estendéndose a case todo o territorio galego. No 2005 produciuse unha unificación de normas a partir do xeito tradicional e neses anos creouse a Liga Nacional de Billarda, que organiza competicións comarcais en todo o territorio galego agás en Ourense, onde non hai competición mais si torneos de exhibición ao longo do verán.

Nos primeiros anos de recuperación creáronse tres conferencias ou competicións: a Nordeste (Lugo), a Noroeste (Coruña) e Rías Baixas (Pontevedra). Entre 2010 e 2013 creáronse 6 conferencias. Nos tres últimos anos seguiu incrementándose o número de practicantes, que na actualidade é dunhas 320 persoas, das que un 35% son mulleres.

Cómpre ter en conta que se trata dunha actividade deportiva que combina competición e participación e que ten unha alta potencialidade de desenvolvemento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

social e no eido educativo por tratarse dun xogo que transmite valores positivos, é inclusivo e fomenta a relación interxeracional.

Para continuar co proceso de recuperación e expansión, a billarda precisa de apoio institucional desde a Xunta de Galiza, as deputacións e os concellos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galiza recoñecer a billarda como modalidade deportiva?
2. Que opinión lle merece ao goberno galego a idea de crear unha Federación de Deportes Tradicionais?
3. Que actuacións prevé facer a Xunta de Galiza para a promoción e extensión da práctica de deportes tradicionais en xeral e da billarda en particular?
4. Que medidas vai desenvolver o goberno galego para a creación de instalacións para a práctica da billarda?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/04/2019 13:04:49

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2019 13:04:54

Ana Pontón Mondelo na data 04/04/2019 13:04:56

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2019 13:04:57

Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2019 13:04:59

Xosé Luis Bará Torres na data 04/04/2019 13:05:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

O tempo pasa e xa van aló varios anos de asentamento do tártago de patas amarelas entre nós.

Os danos son dificilmente cuantificables na súa totalidade pero facendo unha aproximación na merma de produción de mel, nos estragos na froita e demais cultivos as perdas son enormes.

Así mesmo son dificilmente calculables os danos no medio ambiente, no equilibrio dos nosos ecosistemas e a diminución da polinización debido ós estragos que fai entre os insectos polinizadores, nomeadamente na abellas.

Sábese que hai investigacións en marcha, sábese tamén que nalgunhas delas hai resultados esperanzadores. Sábese tamén das precaucións e discrepancias a respecto do trampeo primaveral, do uso de biocidas, troianos etc.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que liñas de investigación hai abertas neste momento?
- Que continuidade teñen no tempo?
- Cales e de que xeito están sendo lideradas ou apoiadas polo goberno de Galicia?
- Que logros se acadaron ata o de agora?
- Que medios está poñendo o goberno galego para que vaian adiante estas investigacións?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/04/2019 13:13:12

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2019 13:13:17

Ana Pontón Mondelo na data 04/04/2019 13:13:18

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2019 13:13:19

Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2019 13:13:20

Xosé Luis Bará Torres na data 04/04/2019 13:13:22



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa ao desmantelamento do Museo Ferroviario de Padrón

Hai uns meses os medios de comunicación anunciaron o traslado da locomotora Sestao, ata agora no Museo Ferroviario da Fundación Camilo José Cela, para incorporarse ao Museo do Ferrocarril de Ponferrada. A semana pasada coñecemos que un vagón de mercancías, tamén cedido a dita fundación, foi trasladado dende a mesma a La Fregeneda, en Salamanca. A Xunta manifestouse en contra do traslado da locomotora Sarita de Padrón a Vilagarcía, pero descoñecemos o seu parecer respecto a que estas dúas pezas saian fóra de Galicia

Traslados sorprendentes toda vez que o ano pasado esta mesma entidade reiteraba a negativa da Xunta respecto da cesión a Vilagarcía da locomotora Sarita na liña do solicitado pola Marea da Vila e que as deputadas asinantes trouxemos ao Parlamento.

Tendo en conta a vinculación clara entre a locomotora e Vilagarcía, concello que dispuxo da primeira estación de ferrocarril de Galicia, e que nel se empraza o Museo do Ferrocarril, máxime unha vez que a mencionada Fundación pasou a mans públicas non debería haber motivo algún para que a locomotora continuara en Padrón. Porén, alí sigue.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:





- 1.^a) En que situación se atopa actualmente a locomotora Sarita?
- 2.^a) Vai seguir abandonada na Fundación ou está previsto que sexa trasladada a calquera outro punto da xeografía española?
- 3.^a) Vaise seguir desmantelando o Museo Ferroviario de Padrón levando as súas pezas fóra de Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 04/04/2019 13:26:32

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/04/2019 13:26:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

O Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Valga está nunha situación de conflitividade laboral debido á actitude autoritaria do alcalde deste concello, que impuxo unhas quendas de servizo que son absolutamente contrarias ao interese público. Na actualidade, despois dos cambios impostos de xeito unilateral pola Alcaldía, o persoal fai quendas de 8 horas de maneira que en horario nocturno só hai unha persoa atendendo o servizo.

Ademais, a alcaldía ordénalle realizar tarefas de mantemento de espazos públicos que non corresponden ás funcións dun corpo de emerxencias e que non figuran tampouco no convenio asinado polas entidades que promoven os GES: Xunta, FEGAMP e Deputacións provinciais.

Por outra parte, o GES de Valga conta con equipamento anticuado e cun camiión que ten 28 anos de antigüidade e que sofre frecuentes avarías.

A situación na que se encontra o GES de Valga, que se dá tamén noutros grupos, ten a súa orixe na falta de coordinación, supervisión e control da Xunta de Galiza, que ten as competencias en materia de coordinación das emerxencias, no desenvolvemento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do mapa de emerxencias e na axeitada cobertura do territorio, en cooperación coas deputacións e concellos.

Esta situación ten como consecuencia a desprotección da poboación e unha insuficiente capacidade de resposta ante as emerxencias, como se puxo de manifesto en diferentes operativos desenvolvidos das pasadas semanas con motivo de incidencias nocturnas en Pontecesures ou en Caldas. Como se tivo que desprazar a única persoa que estaba na quenda de noite, o servizo quedou sen medios durante horas, o que resulta dunha gravísima irresponsabilidade por partes das persoas responsábeis do mesmo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Ten previsto a Xunta de Galiza establecer criterios claros a respecto das quendas de traballo, horarios e cobertura mínima de persoal por quenda para garantir unha boa capacidade de resposta dos GES diante de situacións de emerxencia?

-Considera necesario o goberno galego comunicar aos GES e ás persoas responsábeis políticas dos mesmos cales son as tarefas deste servizo e cales corresponden a outro persoal municipal?

-Ten previsto a Xunta de Galiza colaborar para procurar unha solución negociada ao conflito laboral que se está a producir no GES de Valga?

-Considera necesario o goberno galego negociar con todas as partes uns criterios claros e uniformes a respecto das condicións salariais e laborais do persoal dos GES, para evitar situacións de arbitrariedade e discriminación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas ten previsto levar a cabo a Xunta de Galiza para colaborar na mellora da dotación de medios materiais dos GES en xeral e do GES de Valga en particular.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/04/2019 13:27:23

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2019 13:27:27

Ana Pontón Mondelo na data 04/04/2019 13:27:29

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2019 13:27:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2019 13:27:32

Xosé Luis Bará Torres na data 04/04/2019 13:27:33



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa á valoración do galego nos traballos fin de grao e mestrado para as bolsas investigadoras

Un informe recente do servizo de normalización lingüística da USC, publicado en “O Cartafol”, advirte da precaria situación do galego na nosa universidade e nos primeiros chanzos da carreira investigadora.

Na Universidade de Santiago de Compostela impártense en castelán 3 de cada 4 horas lectivas, mentres que o galego está presente en pouco máis de 1 hora de cada 5.

As titulacións de mestrado, que supoñen un total de 48.603 horas, aproxímanse máis a un modelo bilingüe que as titulacións de grao, que suman a meirande parte das horas de clase (432.810). Así, mentres que a distribución do galego e do castelán nos mestrados é dun 61,54% fronte a un 36,30%, respectivamente, nos graos o galego está presente só no 21,06% das ocasións, moi por debaixo do castelán, cunha presenza do 75,01%.

Nalgúns casos, a escasa utilización do galego é aínda máis preocupante do sinalado. Nos graos de Medicina, Enfermería (de Lugo e de Santiago), Odontoloxía, Farmacia e Nutrición o galego ten unha presenza por debaixo do 9%.





A disimetría entre o galego e o castelán mantense tamén nos traballos de fin de grao (TFGs) e nos traballos de fin de mestrado (TFMs).

No ano 2017 defendéronse 3.309 TFGs na USC no marco de 55 titulacións. 2.456 (o 74,2%) estaban redactados en castelán, cifra que triplicaba os 724 en galego (o 21,9%). En enxeñería química non houbo ningún traballo en galego. Noutros graos, como Medicina ou Farmacia, a presenza do galego foi máis ben testemuñal, pois o 96% e o 94% dos traballos, respectivamente, foron escritos e castelán.

Entre os TFMs atopamos porcentaxes moi parecidas. En 2017 defendéronse 1.164 traballos de fin de mestrado. Empregouse o galego en só 275, isto é, no 23,5%, e o castelán en 828, que equivale ao 71%. En 20 dos 80 mestrados da USC non houbo nin un só TFM en galego.

O uso do castelán diminúe sensiblemente na redacción das teses, pero iso non supón unha mellora para o galego. Durante o ano 2016 foron lidas na USC 427 teses. O 59% foran redactadas en castelán e o 20% en inglés. Só o 13% se atopaban en galego.

Cómpre, polo tanto, adoptar máis medidas para incentivar o uso do galego no espazo universitario e investigador, comezando por valorar nas axudas de apoio á etapa predoutoral e postdoutoral o uso previo do galego no TFG e no TFM, algo que agora mesmo non acontece.

Nos casos nos que se produza igualdade puntuación, as axudas á etapa predoutoral valoran que se presentase o plan de traballo en galego. Nos mesmos casos, as axudas de apoio á etapa postdoutoral valoran o compromiso de utilizar





a lingua galega na memoria final da actividade. Pero ningunha das axudas valora ter feito o TFG ou o TFM en galego.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia da escasa presenza do galego na universidade?
- Que responsabilidade ten o Goberno no panorama descrito?
- Estase a incentivar suficientemente o uso do galego no ámbito universitario?
- Que se fixo mal ata o de agora?
- Como se pensa corrixir?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 04/04/2019 14:07:04



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/04/2019 14:07:10



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa á exposición poética do IES Punta Candieira.

A Xunta de Galicia cre que a poesía é un exercicio de liberdade intolerable. Demostrouno fai pouco, instando á Inspección Educativa a retirar unha exposición poética do IES Punta Candieira elaborada polos seus alumnos e alumnas.

No mes de febreiro, o alumnado do IES Punta Candieira participou nun obradoiro de poesía impartido por Carlos Negro. Nel aprenderon técnicas expresivas que logo empregaron na elaboración dos seus propios poemas.

O mes seguinte, a Biblioteca Escolar do centro decidiu expoñer a obra dos rapaces e rapazas nas instalacións do propio instituto, algo ben inocente que, non obstante, foi denunciado á Consellería de Educación por un delator anónimo. O motivo? Un poema no que aparecía o verso “Odio a España”.

O escrito dicía así:

“Odio que non me deixen facer as cousas.
Odio todo que empece por ‘odio que’.
Odio os posturos das redes sociais.
Odio aos fachas.





Odio ter fame.
Odio os críticos.
Odio perder o tempo.
Odio a sociedade na que vivimos.
Odio a tauromaquia.
Odio que se me meta o rímel nos ollos.
Odio a xente hipócrita.
Odio España.
Odio que me obriguen a comer.
Odio a fantasía pintada de rosa...”

Segundo parece, esta perigosísima composición foi motivo dabondo para que a Consellería de Educación motivase que Inspección tomase cartas no asunto.

Ante esta situación, a Biblioteca Escolar do centro denunciou a “censura” e a “prohibición” e defendeu que “a creación literaria forma parte do sentir cultural dos pobos e deber ser protexida polo dereito á liberdade de expresión”. Na súa opinión, “as autoridades académicas deben velar polo dereito de expresión dos alumnos, e de todos os seus administrados, segundo contemplan as leis educativas e tamén a propia Constitución”.

Porén, a Xunta de Galicia preferiu optar novamente pola censura. Nada novo. O Goberno de Feijóo non tolera as expresións que se sitúan fóra das estreitas marxes da súa ideoloxía.

Polo anterior, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Está a favor a Xunta de Galicia de que os alumnos e alumnas dos





centros educativos galegos se expresen libremente?

- Que sentimentos considera que non poden ser referenciados na creación literaria?
- Os rapaces e rapazas non poden falar libremente do que odian, do que lles produce carraxe, do que esperta o seu fondo malestar...?
- Só poden facer poemas do que lles gusta?
- Só lles pode gustar o que dita o Goberno de Feijóo?
- Vai a elaborar o Goberno da Xunta unha lista de emocións correctas que os alumnos e alumnas galegas poden expresar poeticamente?
- Que opinión lle merece a censura da exposición poética do centro IES Punta Candieira?
- Pensa que un alumno debería poder expresar nun poema o seu odio cara España, ou entende que ese odio ten que ser unha cousa privada, que de ningún xeito pode ser obxecto de debate e reflexión, e que, polo tanto, ten que ser censurado?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/04/2019 16:07:25

Luca Chao Pérez na data 04/04/2019 16:07:31





Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Marcos Cal Ogando e Carmen Santos Queiruga, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a**.

O ex-presidente do sindicato agrario Xóvenes Agricultores, Juan Pérez Miramontes, vén de ser detido por formar parte dunha rede de trata de mulleres. Segundo o Ministerio Público de Paraguai, o antigo sindicalista, que foi atrapado nun dos seis rexistros simultáneos que se produciron en pisos de Compostela o martes 2 de marzo, financiaba a trama delituosa.

A rede desarticulada recrutaba ás vítimas en Paraguai a través dunha “axencia de viaxes” en Ciudad del Este que ofrecía a mulleres vulnerables postos de traballo no Estado Español. Cando chegaban a Santiago, Málaga ou Madrid, retirábaselles a súa documentación e eran secuestradas en clubs e pisos de alterne.

O xulgado de instrución número 3 de Santiago continúa coa instrución do caso. Investiga, entre outros delitos, a existencia de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, o favorecemento da prostitución e a alteración do estado civil de menores.

Non é a primeira vez que Juan Pérez Miramontes é noticia. Xa no ano 2016 a prensa galega e estatal recolleu que a Xunta de Galicia subvencionara a Xóvenes Agricultores con dous millóns de euros. Eses cartos foran empregados para comprar catro locais dos que era copropietario o propio Miramontes,





incumprindo así as obrigacións ligadas ás axudas. Naquel momento, a Xunta declarou que non tiña coñecemento da vinculación do sindicalista cos inmobles, algo que o Consello de Contas desmentiu asegurando que llo comunicara o seu propio equipo auditor.

Segundo Contas, o sindicato Xóvenes Agricultores incumprira as obrigas das subvencións da Xunta, xa que estas establecían que os sindicatos tiñan que solicitar “ofertas a diferentes provedores” e “no caso dos catro inmobles adquiridos polo sindicato Xóvenes Agricultores, o cumprimento destes principios, de xeral aplicación ao gasto público, queda cuestionado ao terse adquirido aqueles de empresas ou persoas físicas vinculadas ata o momento da convocatoria ao presidente e máximo representante da entidade beneficiaria”, Juan Pérez Miramontes.

Ademais, Contas destapou a existencia dun sobrecusto notable na compra dun dos locais: “Se ben respecto de tres dos inmobles adquiridos por esta organización o prezo de adquisición coincide co valor de taxación que figura nun informe que se aporta no expediente, no caso dun dos inmobles (local en Carballo), adquirido á sociedade Publisocial SL, o valor de adquisición escriturado e subvencionado resulta significativamente superior ao valor de mercado que consta no correspondente certificado de taxación para este inmovible”.

Por todo o exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que relación mantiña e mantén Juan Pérez Miramontes co Partido Popular?





2. Que criterios obxectivos xustificaron as subvencións que a Xunta de Galicia outorgou a Xóvenes Agricultores?

3. Que avaliación fai a Xunta de Galicia das declaracións do Consello de Contas que certifican a existencia dun trato de favor a Xóvenes Agricultores por parte do Goberno galego?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 04/04/2019 16:25:19

Marcos Cal Ogando na data 04/04/2019 16:25:26

Carmen Santos Queiruga na data 04/04/2019 16:25:35



Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O Centro Dramático Galego (CDG), creado fai mais de 30 anos como resposta ás demandas do sector escénico, está sufrindo dende a chegada do PP a Xunta de Galicia un proceso de abandono moi preocupante.

Nos últimos anos os problemas se multiplicaron e están a provocar unha seria inqueda en todo o sector pola continua perda de peso dun centro que tiña que ser emblemático para a cultura galega.

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) está a denunciar dende fai anos estes problemas sen atopar unha resposta positiva da Consellería de Cultura ni da Agadic.

Si ben os problemas do CDG, como dixemos antes, se deron desde o principio do goberno do Sr. Feijoo, nos últimos anos se multiplicaron ao decidir Agadic, na tempada de 2016, instaurar un sistema de selección de elencos baseada na libre concorrência e nas leis que rexen a función pública, un marco legal que ten un moi difícil axustarse á realidade do sector escénico e as peculiaridades laborais dos interpretes. Eses desaxustes, e as irregularidades cometidas diante o proceso, levaron a dimisión aos membros do tribunal encargado da selección de actores e actrices para Martes de Carnaval de Valle-Inclán, así como a dimisión do director Tito Asorey. No 2018, en cambio e a pesar de que o director de Agadic afirmaba que non había outra forma de seleccionar os elencos, decidiuse externalizar o proceso de contratación, dramaturxia tradución e interpretación a unha compañía privada, perdendo a Agadic o control da obra, situación que nunca se dera no CDG.

Pero CDG leva tempo sufrindo outros problemas que están a reducir case a nada o seu papel. Ente eles un forte descenso da súa actividade cunha cada vez máis reducida produción propia, que agora é de só unha obra por tempada e con elencos moi reducidos de dez intérpretes. Tampouco se fan coproducións e a



distribución resúmese en una pequena xira polas sete cidades galegas. Con todo elo e co forte proceso de burocratización e unha lexislación pouco acorde cas necesidades do sector, o CDG deixou de constituír un impulso para o sector teatral como é a súa obriga e tampouco cumpre a súa labor de levar a cultura teatral en galego a cidadanía, perdendo a súa conexión co público.

A AAAG, xa no 2017, alertou desta situación e solicitou unha mesa sectorial entre a administración e as asociacións profesionais dos sector para abordar, non só o procedemento de selección de elencos, senón tamén o conxunto dos problemas de funcionamento do CDG e para dar conta dunha reivindicación reiterada nos últimos anos no sector: a refundación da institución publica de teatro, de xeito que conte con unha entidade xurídica propia, uns orzamentos adecuados, e unha independencia que poida encaixar o funcionamento público coas particularidades artísticas e laborais do sector. A Agadic convocou unha mesa de traballo en 2018 pero só para abordar os procesos de selección, negándose a analizar os restantes problemas.

Os problemas de burocratización e de falta de adecuación do marco legal xeral as peculiaridade dos sectores artísticos non afecta tan só ao CDG nin se circunscribe ao marco galego. Outras institucións autonómicas e tamén o Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales do que dependen o Centro Dramático Nacional e a Compañía de Teatro Clásico entre outros tamén os están a sufrir.

Debido a evidencia dos problemas, o 13 de decembro de 2018 na reunión anual do Consejo Estatal de las Artes Escénicas e de la Música, o ministro de Cultura fixo públicas unha serie de medidas importantes para as artes escénicas motivadas pola necesidade de levar a cabo cambios urxentes das políticas culturais adaptadas aos novos tempos entre as que destaca a elaboración dunha nova lei de funcionamento para o INAEM, porque como dixo o ministro, se non queremos afogar a cultura debemos garantir marcos específicos xa que as dinámicas, necesidades e procedementos dos sector cultural son diferentes aos doutros sectores.

Sorprendentemente, nesta importante reunión do Consejo Estatal de las Artes Escénicas y de la Música, Galicia non estaba presente nin a través da Consellería de Cultura nin da Agadic. Unha ausencia que cremos debe ser explicada porque os temas tratados interesan a todos, ao igual que as posibles solucións.



Os socialistas cremos que xa é hora de que a Consellería de Cultura adopte as solucións necesarias de acordo co sector para que o CDG teña as ferramentas necesarias para poder cumprir o seu importante papel dentro da cultura do noso país e remate con esta situación de esmorecemento.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Como valora a Consellería de Cultura os continuos problemas e o descenso de actividade do Centro Dramático Galego?
- 2.^a) Considera que hai que establecer cambios no CDG para mellorar a súa situación?
- 3.^a) Cal é o motivo de que Galicia non estivera presente na reunión do Consejo Estatal de las Artes Escénicas y de la Música?
- 4.^a) Como valora os plans de reforma do INAEM e ás súas unidades de produción?
- 5.^a) Considera que se poderían aplicar ao CDG?
- 6.^a) Considera que é necesario un cambio no marco legal do CDG tal como está a pedir o sector e que dote ao Centro das ferramentas necesarias para aumentar a súa autonomía e cumprir a súa labor adecuándose as peculiaridades das artes escénicas?

Pazo do Parlamento, 04 de abril de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:36:07
Nº Rexistro: 48743
Data envío: 04/04/2019 16:36:07.218

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/04/2019 16:31:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/04/2019 16:31:21

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGP8yZMHj2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa ao uso do galego nas entidades bancarias.

A Mesa pola Normalización Lingüística vén de publicar un informe titulado “O uso do galego nas páxinas web das entidades bancarias”, no que analiza “como empregan os diferentes bancos o galego nas súas páxinas web, aplicacións e caixeiros”. O obxectivo do documento é expoñer “se as galegas e os galegos poden desempeñar as súas actividades financeiras no seu propio idioma, tal e como debería garantir a lei e como ocorre con outros idiomas oficiais do Estado”.

A lexislación é ben clara ao respecto. No punto 3 do artigo 5 do Estatuto de Autonomía lese:

“Os poderes públicos de Galicia garantirán o usos normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa, e disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

A disposición adicional sexta da Lei 1/2010 de comercio di:

“Os prestadores de servizos que operen no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza, con independencia do lugar de establecemento orixinario, deberán respectar o marco legal vixente en materia lingüística,





especialmente a partir da Lei 3/1985, do 15 de xuño, de normalización lingüística, con arranxo ao disposto no apartado 4 do artigo 1 da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

Para estes efectos, favorecerán a normalización progresiva do uso do galego na prestación dos seus servizos e deberán ofrecer aos seus destinatarios a posibilidade de manter a comunicación oral e escrita na lingua galega”.

Pola súa banda, a Lei galega de comercio 2/2012, do 28 de marzo, establece que:

“Os consumidores, nas súas relacións de consumo, teñen dereito a usar calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma de Galiza, sempre e cando a contratación se realizase ou o consentimento se manifestase no territorio da comunidade autónoma de Galiza, así como nos supostos de publicidade, ofertas, promocións ou comunicacións comerciais recibidas en Galiza”.

Atendendo aos datos que achega o informe da Mesa, é claro que na práctica “non se garante o exercicio pleno do dereito a usar o galego recibindo na mesma lingua todo tipo de información for na sinalización ou na atención oral e escrita”. De feito, nin un só banco “permite materialmente o seu exercicio ao non se establecer o deber da empresa de corresponder ese dereito de forma activa utilizando a lingua elixida pola usuaria ou usuario que, en numerosos casos, se ve obrigado a cambiar de lingua se non é comprendido por persoal da empresa e no que atinxe á documentación formal da relación comercial vese compelido a non poder formalizala en lingua galega, pola falta de dispoñibilidade, con carácter ordinario, de modelos contractuais e formularios na lingua propia”.





Que se vulnere o dereito a ser atendido na lingua propia é moi grave, pero é aínda peor nos casos nos que as empresas bancarias disfrutan dun convenio público co Goberno da Xunta de Galicia. “Baixo o nome de entidades financeiras colaboradoras, agrúpanse un grupo de bancos que gozan de exclusividade ao que as persoas usuarias deben acudir para realizar determinados trámites como ferramenta vehicular para a realización de actividades obrigatorias e necesarias como o pagamento de taxas universitarias, sancións administrativas, e diversas taxas por servizos públicos administrativos, venda de bens etc”.

Das 14 entidades bancarias que teñen un convenio coa Xunta, só catro “ofrecen os servizos web en galego. De forma que aos galegos impónselles a obriga de realizar os trámites obrigatorios e públicos en español sen opción en galego, a pesar de pagaren taxas e prezos á Xunta”. Así, o Goberno non é quen de facer cumprir a Lei nin sequera nos bancos que se benefician do seu respaldo.

No que respecta a internet, a cousa non mellora, xa que “tan só o 33,33% das entidades garante o uso do galego na web, unha porcentaxe menor que o de linguas non oficiais como o inglés, que está presente no 42% dos casos”.

Desta maneira, malia que a “posibilidade de desenvolvermos unha vida plena en galego é condición esencial para a normalización lingüística, que a Xunta de Galiza ten o deber de impulsar e fomentar” e a pesar de que os “poderes públicos galegos teñen a obriga legal de combater a falsa naturalidade do tratamento do galego como lingua estranxeira na súa propia nación”, a realidade é que o Goberno galego está lonxe de satisfacer os dereitos lingüísticos da cidadanía.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



- Que avaliación fai a Xunta de Galicia do feito de que as galegas e os galegos non poidan levar a cabo as súas operacións financeiras no seu idioma?
- Como é posible que nin sequera os bancos que teñen un convenio coa Xunta sexan respectuosos co uso do noso idioma?
- Que fixo ata o de agora o Goberno para favorecer o uso do galego nas entidades bancarias?
- Por que non funcionou?
- Que pensa facer ao respecto no futuro?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/04/2019
16:40:42**

Luca Chao Pérez na data 04/04/2019 16:40:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Carmen Santos Queiruga e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 1.^a**

O sistema xudicial no Estado español segue atravesado por un forte sesgo machista e patriarcal. Tivemos ocasión de comprobalo en recentes sentenzas, así como na suspensión da xuíza Pilar de Lara, apartada dos xulgado de Lugo tras destapar no Caso Carioca redes de trata e corrupción. Ademais, coma xuíza instrutora, levou adiante a investigación doutros casos de corrupción como a operación Pokémon e os casos Pulpo, Garañón e Cóndor.

A Comisión Disciplinaria do Consello Xeral do Poder Xudicial impúxolle unha sanción de sete meses de suspensión que, en canto sexa firme, ao ser superior aos seis meses, implicará a perda de destino, o que obrigará á xuíza a abandonar os xulgados de Lugo e, polo tanto, todos os casos de corrupción que levaba instruindo.

Resulta especialmente grave a paralización da instrución da chamada "Operación Carioca", un exemplo do sexismo que sigue atravesando a nosa sociedade no seu conxunto e, en concreto, as institucións. Un proceso no que resultaron implicados proxenetas, pero tamén membros da Garda Civil, axentes da Policía Local ou responsables de Estranxeiría.

É preocupante a decisión de suspender á xuíza Pilar de Lara e a persistencia de actitudes patriarcais na xustiza. Estas non só non contribúen a erradicar a





violencia contras as mulleres, senón que a normalizan e mesmo a reforzan. A xustiza debería defender o dereito das mulleres, especialmente das máis vulnerables e non consentir esta forma brutal de violencia sobre os seus corpos e as súas vontades que representa a trata e a explotación sexual de mulleres. De feito a Lei 11/2007 galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero abrangue o tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación como unha forma de violencia machista. Ante a gravidade dos feitos revelados na "Operación Carioca", as administracións públicas non poder actuar con pasividade.

Por todo o anterior exposto preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da decisión de apartar a xuíza Pilar de Lara?
2. Vai personarse a Xunta coma acusación particular no Caso Carioca?
3. Que medidas pensa tomar para evitar a indefensión das vítimas da operación Carioca e doutras operacións relacionadas coa trata e explotación de mulleres?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Carmen Santos Queiruga

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 04/04/2019 16:46:16

Carmen Santos Queiruga na data 04/04/2019 16:46:24

Marcos Cal Ogando na data 04/04/2019 16:46:32



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

A empresa Naturgy vén de comezar as obras do proxecto de instalación do Parque Eólico de Mouriños, no Concello de Cabana de Bergantiños.

Tal e como era previsible ditas obras están a provocar danos irreparables no patrimonio e, a nivel paisaxístico, destruindo formacións rochosas, penedos singulares, coas voaduras e explanacións que se están a facer para levar a cabo as bases dos aeroxeneradores e a apertura de pistas, como se pode observar nas imaxes.





As imaxes mostran a gran afección que para o patrimonio natural e cultural e para a paisaxe teñen as obras.



O proxecto do parque eólico Mouriños foi aprobado definitivamente en outubro de 2018 como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, así como das



disposicións normativas contidas no mencionado proxecto. Resolución do 5 de outubro de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, publica o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 4 de outubro de 2018.



Forma parte dun modelo de desenvolvemento eólico que espolia os recursos e é insensible cos impactos que produce.

A Serra do Gontón é un dos últimos paraísos naturais que quedan intactos na Costa da Morte.

O Pico de Sinde destaca na fermosa paisaxe e, próxima ao esteiro do río Anllóns, a área afectada polo parque eólico Mouriños encerra unha biodiversidade e unha riqueza paisaxística espectacular.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:





- 1) Considera o Goberno galego que nas obras que está a executar Naturgy cómprese co proxecto aprobado?
- 2) Considera que se están a producir danos irreparables no patrimonio natural da Serra de Gontón?
- 3) Que medidas de control se están a levar a cabo?
- 4) Hai algún expediente sancionador aberto?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 04/04/2019 17:11:26

Marcos Cal Ogando na data 04/04/2019 17:11:33



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**

O Consejo Estatal de las Artes Escénicas y de la Música, creado polo Real Decreto 497/2010, de 30 de abril de 2010, ten como cometido principal favorecer a comunicación, cooperación e intercambio de opinións no ámbito das artes escénicas e musicais e dar canle ás peticións e propostas do sector nas súas relacións coa Administración Xeral do Estado, permitindo recoller as recomendacións dos principais axentes e destinatarios das políticas culturais, e facilitando a definición participativa das prioridades nestes ámbitos artísticos.

Entre os membros hai representantes de asociacións e organizacións do sector de ámbito estatal, representantes da administración estatal, autonómica e local e unha serie de vogais nomeados polo Ministerio, a proposta do INAEM, entre persoas de recoñecido prestixio, experiencia ou especiais coñecementos técnicos.

O día 13 de decembro tivo lugar no Ministerio de Cultura a reunión anual do Consejo Estatal, na que se fixo balance do ano 2018 e se presentaron as liñas de actuación para o 2019. Fixéronse tamén públicas unha serie de medidas importantes para a cultura escénica, como cambios urxentes das políticas culturais. Compre salientar o anuncio da elaboración dunha nova Lei de funcionamento para o INAEM. **Galicia institucionalmente non estivo presente. Non asistiu ninguén da Consellería de Cultura, nin da AGADIC. Foi a única CCAA sen representación.**





Tamén se considera importante (como nos traslada un dos vocais experto do Consejo Artístico de Teatro, da Comisión executiva e do Consejo de Estado de Música e Artes Escénicas), que “para favorecer o fluído e lóxico mecanismo deste sector, encaixar o funcionamento e a consolidación pública da produción, creación e distribución das actividades escénicas no marco do sector público, basicamente no disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Fórmulas como S.A., convenios de colaboración ou calquera outra medida, deben estar en sintonía co apoio do servizo público de calidade, transparente e diverso que prestan unidades de produción e que teñen ademais a responsabilidade da representatividade e da imaxe de calidade dun país, como son en Galicia, O CDG ou o CCG.

No Parlamento de Galicia presentouse hai dous anos un Anteproxecto de Lei de Artes Escénicas que foi esquecido ata o momento actual. Mentres tanto o CDG esmorece, a Rede dilúese, O Centro Coreográfico mantén a inercia e a precaria e dispersa actividade escénica subsiste en base ás subvencións recortadas nos últimos nove anos, única xestión de política escénica en Galicia. Os responsables seguen a ser os mesmos.

Por todo o dito, preséntanse as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cal é o motivo de axenda que impediu que Galicia non estivese presente nun marco coma este onde se presentaron ideas e plans para solucionar dificultades similares ás que padece a xestión dos procesos públicos na área das Artes Escénicas en Galicia?
- Por que a Dirección da AGADIC non asistiu a esta reunión?
- Que opina a AGADIC sobre os plans de reforma do INAEM?



- Cre que estes plans poderían ser aplicados ás súas homólogas unidades de produción?
- Consideran os responsables deste organismo que se están a cumprir as responsabilidades e obxectivos que teñen marcados os postos de xestión e que estes sexan produtivos e beneficiosos para fortalecer o sector escénico galego, o seu dinamismo e a consolidación pública dun teatro nacional galego?
- No centenario da fundación do Conservatorio Nacional da Arte Galega, consideran que se lle está a facer xustiza na xestión pública das Artes Escénicas aos precursores e insignes desexos dos nosos antergos?
- Hai algún plan que nos poidan expoñer?
- Ten pensado a AGADIC conmemorar dita efeméride?
- Existe o plano estratéxico que debера estar redactado tal e como recollen os Estatutos da Axencia, redactados no Decreto 150/2012 de 12 de xullo?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/04/2019 17:49:05





Luca Chao Pérez na data 04/04/2019 17:49:11



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O artigo 125 da Constitución española de 1978 dispón a participación da cidadanía na institución do xurado como un dereito, sendo ademais unha obriga dende que así se estableceu na lei orgánica do xurado de 22 de maio de 1995. A ninguén se lle escapa que participar nun xurado supón unha obriga que xera presión aos 11 cidadáns legos en Dereito (9 titulares e 2 suplentes) que deben exercer esta función cando son seleccionados e posteriormente elixidos.

Nestes días, celebrouse na Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra o coñecido como “crime da rozadora” e os cidadáns xurados que participaron tiveron que estar 2 días enteiros deliberando (incomunicados, polo tanto) para chegar a un veredicto. O que ocorreu foi que a Dirección Xeral de Xustiza do Goberno da Xunta de Galicia (que así o vén facendo dende que Feijóo é presidente) non dotou dos medios necesarios ás persoas formaron parte do xurado popular: nin botellas de auga nas horas que duraron as sesións de deliberación, nin comida “decente”, nin cea (tiveron que ir cear a unha bocatería, escoltados pola Policía Nacional), nin habitacións dispoñibles á hora que saíron da Audiencia.

É dicir, unha absoluta imprevisión, pese a que a Dirección Xeral de Xustiza ten coñecemento de que vai haber sorteo de xurados 2 ou 3 meses antes de que comecen os xuízos, imprevisión que tivo que solucionar o persoal adscrito á Sección 2ª da Audiencia Provincial. Hai anos, era persoal da Xunta de Galicia quen xestionaba este tipo de trámites, pero hai anos que se ten desentendido a Dirección Xeral de Xustiza e, polo tanto, o conselleiro de Xustiza, o señor Rueda.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cre realmente o Goberno da Xunta de Galicia na institución do xurado popular do artigo 125 da CE de 1978?
2. Que ten que dicir o Goberno das incidencias na intendencia relacionada cos cidadáns xurados que participaron no xuízo polo coñecido como “crime da rozadora” na Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra?



3. De quen é a responsabilidade de non ter dotado dos medios necesarios ás persoas que formaron parte dese xurado popular?
4. Vai depurar responsabilidades o Goberno?
5. Vai nomear o Goberno a persoal propio para xestionar todos os trámites relacionados coa intendencia das persoas que forman parte dos xurados populares? Cando?

Pazo do Parlamento, 04 de abril de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/04/2019 18:02:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/04/2019 18:02:06

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/04/2019 18:02:11



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta na Comisión 4.^a**, relativa á elaboración dos informes sobre o impacto das obras que afectan a bens patrimoniais.

O pasado 25 de marzo o DOG publicaba a resolución do 28 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se dá publicidade a unha encomenda de xestión ao medio propio Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A., unha nova externalización de parte do servizo de elaboración dos informes sobre o impacto das obras que afectan a bens do patrimonio cultural e á súa contorna de protección.

Unha encomenda de 148.264,87 € cunha duración de catro meses e carácter retroactivo a inicios de marzo, malia saír publicado case a finais dese mes. O que supón, como denuncia a CIG unha artimaña coa que a Xunta pretende dar visos de legalidade ao traballo que TRAGSATEC veu desenvolvendo para a Dirección Xeral de Patrimonio entre xaneiro e marzo, logo de ter rematado a vixencia dun primeiro contrato en decembro.

Encomenda que supón que o persoal da empresa pública Tragsatec, que non ten entre os seus obxectivos a valoración das obras que afectan sobre o patrimonio cultural, se encargue da emisión de informes técnicos que debería realizar o persoal propio da Consellería o que implica mesmo o traslado dos propios informes.

Externalización que seguramente ven forzada, tamén, pola falta de persoal toda vez que Dirección Xeral de Patrimonio que xa carecía de persoal suficiente para





sacar adiante os expedientes, non aumentou o número de arqueólogas e arquitectas, chegando mesmo "ao esperpento de que prazas creadas na relación de postos de traballo da Consellería están vacantes, sen ocupar por persoa ningunha. Como resultado, os atrasos na emisión das resolucións de autorización son enormes, co conseguinte malestar na cidadanía".

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que razóns xustifican a externalización destes informes?
- 2.^a) Como encaixa esta encarga dentro dos propios obxectivos da empresa Pública Tragsatec, que carece de persoal propio capacitado para realizala?
- 3.^a) Que persoal cualificado figura na nómina de tragsatec para realizar estes traballos técnicos, cando sabemos que as contratacións se realizaron a través de portais dixitais de contratación, sen exixir os coñecementos básicos de lexislación imprescindibles para realizar estes informes?
- 4.^a) Cantos expedientes tramitados por Tragsatec tiveron que volver a ser revisados por técnicos competentes da Consellería?
- 5.^a) Por que se nega o dereito das traballadoras da Secretaría Xeral ao teletraballo coa excusa do traslado de expedientes pero estes si poden ser trasladados a unha empresa?
- 6.^a) Como se realiza a custodia dos expedientes mentres estes están fora das dependencias da Xunta de Galicia e como se garante a seguridade, integridade e non alteración dos mesmos?
- 7.^a) Canto diñeiro ten recibido a empresa Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A





para a realización deste tipo de informes?

8.^a) Por que se publica a encomenda no DOG con case un mes de retraso?

9.^a) Pode confirmar se están tramitando proxectos de intervención arqueolóxica pese a que é necesario que estas autorizacións contén cun informe do servizo de arqueoloxía (segundo artigo 8.1 do Decreto 199/1997)?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 04/04/2019 18:23:05

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/04/2019 18:23:11



Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre as insercións publicitarias de ENCE na CRTVG.

Nos últimos tempos a empresa Enerxía e Celulosa (ENCE) incrementou o seu investimento publicitario nos medios públicos galegos.

Este aumento nas insercións publicitarias tense producido tanto na radio coma na televisión e mesmo supuxo o uso de novos formatos, sirva de exemplo a publicidade integrada no programa Luar, algo que non é usual.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Cal é o investimento publicitario que ten feito no último ano a empresa ENCE na CRTVG?
- Teñen aumentado en relación a anos anteriores?
- Canto representa no conxunto dos ingresos publicitarios da CRTVG?
- Cantas insercións ten contratado na Radio Galega? E na TVG?
- Cal é o prezo da publicidade integrada nun programa como o Luar?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 01/04/2019 12:03:19

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2019 12:03:24

Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2019 12:03:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/04/2019 12:03:28

Noa Presas Bergantiños na data 01/04/2019 12:03:29

Xosé Luis Bará Torres na data 01/04/2019 12:03:32



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A CRTVG está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, o que ten motivado numerosas protestas dos e das profesionais das canles públicas galegas, de colectivos sociais, e dos propios grupos da oposición. Son moitos os exemplos das mobilizacións, todas elas cun amplo seguimento, levadas a cabo polos traballadores e traballadoras da CRTVG: os venres negros, unha gran manifestación o 8 de setembro de 2018 en Santiago de Compostela, paros parciais durante o mes de novembro, e unha folga os días 19 e 22 de decembro.

Na CRTVG vense rexistrando dende o último ano unha elevada conflitividade laboral ,acrecentada pola política de hostigamento cara os traballadores e traballadoras, a través da apertura de expedientes disciplinarios a profesionais das canles públicas que de maneira continuada durante case un ano levan denunciando a través dos venres negros, a manipulación da radio e televisión públicas galegas. Neste contexto, dende o grupo socialista tiñamos coñecemento recentemente de que a dirección da CRTVG, lonxe de rectificar a súas políticas de represión, da un paso máis a través dunha nota interna enviada ao persoal, prohibíndolles vestir a camiseta negra co slogan #DefendeAGalega que levan cada venres negro dende hai case un ano en sinal de protesta contra a presión e manipulación da canle como consecuencia da inxerencia política do Goberno de Feijoo.

Segundo di esta nota interna da CRTVG dirixida ao seu persoal, "a aparencia persoal debe ser o máis despreocupada e neutral posible", e baixo eses preceptos tamén descarta que os traballadores e traballadoras poidan vestir calquera símbolo representativo da súa afinidade política, sindical, social ou deportiva. De non cumprirse as normas, a dirección avisa de que “poderá tomar medidas disciplinarias contra os seus traballadores”



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que enviou recentemente ao persoal unha nota interna sobre a “actuación dos traballadores e traballadoras da CRTVG”?
2. Preténdese prohibir a todos os traballadores e traballadoras da CRTVG que vistan cada venres negro a camiseta co slogan #DefendeAGalega?
3. Ten previsto a CRTVG impoñer sancións aos e ás profesionais que levan cada venres negro dende hai case un ano vestindo a camiseta negra co slogan #DefendeAGalega?
4. Por que cre que os traballadores e traballadoras da CRTVG veñen denunciando dende case un ano a manipulación na radio e televisión públicas galegas?
5. Ten previsto a CRTVG mudar a súa política represiva e de hostigamento cara aqueles traballadores e traballadoras que de maneira reiterada, veñen denunciando a manipulación informativa nos medios de comunicación públicos galegos?

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 02/04/2019 12:47:27

Julio Torrado Quintela na data 02/04/2019 12:47:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión da CRTVG**, sobre as instrucións dadas pola CRTVG ao cadro de persoal en relación á súa vestimenta.

A través dunha nota interna a área de Recursos Humanos da CRTVG advirte ao cadro de persoal dos medios públicos galegos que “a dirección poderá tomar medidas disciplinarias” se a vestimenta que leven, diante ou detrás das cámaras, durante o seu horario laboral non se axusta aos requirimentos que a Corporación lles exige.

Así consta na comunicación interna pendurada na intranet na que a dirección da CRTVG explica que a roupa do persoal debe ser “o máis despreocupada e neutral posíbel” e polo tanto “deben descartarse as estridencias” e “as innovacións estilísticas ousadas” por “impropias”.

Xa que logo, continúa a mensaxe, “os traballadores de TVG absteranse especialmente do uso relevante e inxustificado de logotipos de marcas comerciais, na súa indumentaria, así como da utilización de calquera tipo de símbolos que poñan de manifesto a súa filiación ou proximidade cunha opción política, sindical, social deportiva ou económica”.

A nota, que foi pendurada o 1 de abril de 2019, apela á protección da “imaxe da CRTVG” e malia non se referir nela exemplo concreto ningún que xustifique ou motive





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

as directrices recollidas nela, resulta evidente que responde ao uso por parte de profesionais da radio e televisión pública de camisolas de #DefendeAGalega, especialmente os #VenresNegros.

En numerosas ocasións na Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG o director xeral da Corporación ten tildado de “campana de desprestixio” as mobilizacións das e dos profesionais da radio e televisión pública que, no entanto, responden aos incumprimentos continuados da CRTVG da Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos así como ás denuncias de manipulación e control político.

Para o BNG é, alén de inxustificado, inadmisíbel que a CRTVG dea instrucións sobre a vestimenta das e dos profesionais baixo ameaza de adoptar medidas disciplinarias contra o cadro de persoal de non se cumpriren as devanditas ‘indicacións’.

É evidente que a CRTVG ten como fin último con esta medida limitar o dereito á liberdade de expresión das traballadoras e traballadores. Neste senso, cómpre lembrar que nos últimos meses a Corporación ten aberto varios expedientes internos contra profesionais da radio e a televisión, algúns deles aínda en proceso de tramitación.

Desde o Bloque Nacionalista Galego lembramos que a mellor maneira, a máis democrática e responsábel, de abordar a campana #DefendeAGalega é abrir un proceso de diálogo co cadro de persoal para atender as súas demandas, a comezar pola creación –como prevé a Lei 9/2011 desde hai oito anos-- do Estatuto Profesional e o Consello de Informativos. Esta cuestión continúa sen se cumprir. Porén, semella que a dirección da Corporación opta pola ameaza e a persecución.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que pendurou a anteriormente mencionada nota interna a CRTVG advertindo ao cadro de persoal sobre a vestimenta que deben utilizar?
- Cre a CRTVG que as exixencias e advertencias incluídas na nota garanten o dereito das e dos profesionais a vestir con liberdade e expresarse igualmente de maneira libre?
- Non cre a dirección da CRTVG que a mellor maneira de rematar coa mobilización do cadro de persoal arredor de #DefendeAGalega sería abrir un proceso de diálogo arredor das demandas que reclama este colectivo?
- Cando se vai elaborar e aprobar o Estatuto Profesional e o Consello de informativos que prevé a Lei 9/2011, de medios audiovisuais públicos?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2019 10:32:02

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2019 10:32:26

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2019 10:32:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2019 10:32:29

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2019 10:32:31

Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2019 10:32:32



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.

O 1 de abril do presente ano, a CRTVG ameazou ao persoal da corporación enviándolle unha circular na que se lembraban “as condicións e circunstancias que deben presidir a actuación de todos os profesionais da TVG”. A pesar da súa neutralidade formal, a notificación tiña por obxecto coaccionar a todas aqueles profesionais que levan meses apoiando os Venres Negros da radio televisión galega. Os seguintes fragmentos son claros ao respecto:

“En consecuencia co referido, e coa neutralidade predicable do medio, os traballadores de (sic) TVG absteranse especialmente do uso relevante e inxustificado de logotipos de marcas comerciais na súa indumentaria, así como da utilización de calquera tipo de símbolos que poñan de manifesto a súa filiación ou proximidade cunha opción política, sindical, social, deportiva ou económica”.

“As anteriores consideracións serán de aplicación tamén ao exercicio profesional de todo o persoal de TVG en entrevistas, roldas de prensa, ou outras actuacións nas que, non saíndo en pantalla, proxecten a imaxe da CRTVG”.





“A inobservancia ou incumprimento por parte dos traballadores das anteriores institución será corrixida disciplinariamente de conformidade coas previsións do Convenio Colectivo”.

É indubidable que o obxecto destas liñas é facer presión para evitar que os Venres Negros o persoal da CRTVG continúe levando camisetas co lema Defende a Galega.

Pero a Corporación da Radio Televisión Galega vai moito máis alá nas súas represalias. Recentemente, anulou unha entrevista a Sés porque na súa pasada aparición televisiva a cantante levou unha camiseta negra que rezaba Defende a Galega. Un exemplo máis da falta de pluralidade e liberdade nos medios públicos que as traballadoras levan meses denunciando.

Así, semella que a CRTVG decidiu pasar ao ataque para deter as reivindicacións lexítimas dos seus traballadores e traballadoras. A cuestión agora é saber ata onde está dispostas a chegar a corporación para silenciar ao seu propio persoal.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- A CRTVG vai sancionar a tódolos traballadores e traballadoras que, no marco do horario laboral, leven unha camiseta co lema Defende a Galega?
- Vai sancionar tamén aos cámaras, que non aparecen na retransmisións?
- E aos redactores e redactoras?
- E aos técnicos?
- Vai permitir que as persoas entrevistadas ou que formen parte de reportaxes ou programas leven camisetas de Defende a Galega?





- Por que cancelou a intervención de Sés despois de que levara unha camiseta con este lema nunha entrevista?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 03/04/2019 18:54:01

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/04/2019 18:54:07



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

Recentemente coñeciamos que o Tribunal Supremo rexeitou o recurso interposto pola Valedora do Pobo á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que anulou o nomeamento de María Puy Fraga, sobriña do ex presidente Manuel Fraga e irmá do portavoz parlamentario do PPdeG, para un posto na defensoría galega, do que foi apartada pola titular da institución, Milagros Otero, tras coñecerse o primeiro fallo xudicial.

A Sala do contencioso administrativo do TSXG, trala impugnación do nomeamento por parte dun dos participantes no proceso de selección, do posto de xefe de servizo de Administración e Persoal, considerou probado que a Valedora influíu no proceso para que o posto recaese nesta persoa, quen, segundo o TSXG, actuou con "arbitrariedade" e cometeu un "desvío de poder". O Tribunal Supremo ademais de inadmitir a trámite o recurso presentado pola Valedora do Pobo, condena a abonar 2.000 euros en costas procesuais.

Unha sentenza que motivou que dende o PSdeG pedíramos o pasado 3 de abril a súa dimisión, pola gravidade dos feitos e polas importantes funcións que a institución do Valedor do Pobo desempeña, ao representar o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos e liberdades comprendidos no Título I da Constitución e no Estatuto de autonomía de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai da cobertura que se realizou, por parte da radio e da televisión públicas galegas, do fallo do Tribunal Supremo sobre o recurso interposto pola Valedora do Pobo?
2. Canto tempo se dedicou a esta nova durante os informativos o día que coñecemos a nova, e/ou os posteriores?



3. Considera que a cobertura estivo á altura dun medio público como a RTVG?

Pazo do Parlamento, 04 de abril de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Patricia Vilán Lorenzo

Raúl Fernández Fernández

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 04/04/2019 17:47:02

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/04/2019 17:47:08

Raúl Fernández Fernández na data 04/04/2019 17:47:12

Julio Torrado Quintela na data 04/04/2019 17:47:17





Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**.

Ano tras ano, a xustiza leva desmontando o fraudulento sistema de contratación na Compañía Radio Televisión de Galicia. As últimas sentenzas, ratificadas xa polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, confirman o recoñecemento de indefinidade a 48 traballadores e traballadoras da compañía que foran cesadas trala discutida e discutible OPE do ano 2011, claramente insuficiente.

A pesar de que o TSXG xa fallou hai meses a favor dos traballadores cesados no seu día, confirmando a relación de indefinidade dos primeiros traballadores en pasar polos xulgados, a empresa segue recorrendo todas e cada unha das sentenzas botando man para iso de diñeiro público.

Ademais, durante meses negouse a executar as sentenzas e incorporar ao persoal á empresa, obrigando aos traballadores a pasar de novo polos xulgados para reclamar a execución da sentenza, tendo que asumir a CRTVG os seus salarios con retroactividade, malia estaren na casa sen prestar servizos á empresa pola negativa desta a comunicarlles a incorporación.

Todos, exemplos dunha política laboral asentada sobre a soberbia e o desacato aos fallos xudiciais que lle acaban supoñendo un desembolso moi importante ao erario público.





Por estes motivos o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. A canto ascende o importe dos recursos xudiciais por parte da CRTVG e cantos levan gañados e perdidos nos últimos dous exercicios?
2. A canto ascende o gasto do orzamento xeral da CRTVG destinado a indemnizacións e outros gastos xudiciais derivados dunha política laboral fraudulenta nos últimos cinco anos?
3. Cal é o motivo para recorrer sentenzas de casos laborais idénticos cando xa saíron fallos do TSXG dándolle a razón aos primeiros traballadores en denunciar?
4. Por que a empresa se negou durante meses a executar sentenzas e reincorporar aos traballadores?
5. Hai nestes momentos algún traballador pendente de ser incorporado ao seu posto de traballo malia ter recoñecido este dereito por sentenza?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.


Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 04/04/2019 17:23:31



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/04/2019 17:23:39





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

